

**PROGRAMACIÓN DO  
DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA.**

**I.E.S. LAURO OLMO (O BARCO DE VALDEORRAS).**

**CURSO 2021-22**

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2. OBXECTIVOS XERAIS .....	7
3. CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	9
4. PROGRAMA DAS DISTINTAS MATERIAS (cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, competencias clave, grao mínimo de consecución para superar a materia)	
4.1. HISTORIA DA FILOSOFÍA 2º de Bacharelato .....	12
4.2. PSICOLOXÍA 2º de Bacharelato.....	21
4.3. FILOSOFÍA 1º de Bacharelato .....	32
4.4. VALORES ÉTICOS	
A. 1ºESO .....	45
B. 2ºESO .....	54
C. 3ºESO .....	59
D. 4ºESO .....	66
5. METODOLOXÍA, MATERIALES Y RECURSOS .....	73
6. AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.	
6.1. AVALIACIÓN INICIAL .....	82
6.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN CONTINUA .....	84
6.3. AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO	
88	
6.4. PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA .....	88
6.5. PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES .....	89
6.6. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE .....	90
7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	92
8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	94
9. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS .....	95
10. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO DO CENTRO	
10.1. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR .....	96
10.2. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	98
11. MECANISMOS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN: PLAN DE REFORZO, RECUPERACIÓN E TRANSICIÓN .....	102
12. PROPOSTA DE MILLORA PARA O VINDEIRO CURSO .....	103

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

## 1.1 Introducción e lexislación aplicable

No portal de Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<http://www.edu.xunta.es/portal/guiadalomce>) están dispoñibles, en formato doc e desagregados por áreas:

Seguindo as instrucións da Consellería de Educación para a mellora da calidade educativa, e a da nova lei, aprobada en xaneiro do pasado curso, e que será desenvolva nos próximos cursos. Porén, tomaremos como normativa básica de referenciae a lexislación en ditos textos invocada:

- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para la Mejora de la Calidad Educativa.
- Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

Terase tamén en conta:

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece ou currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xuño de 2015). O desenvolvemento dos apartados desta programación didáctica basearase nas instrucións establecidas para tal efecto no capítulo V da resolución do 27 de xullo de 2015.

- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e régúlase ou seu currículo e a súa oferta. (DOG do 21 de xullo de 2015)

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

- Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico

2016/2017, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación Formación Profesional e Innovación Educativa en relación ás medidas educativas que se deben adoptar non curso académico 2020-21 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nas que aparecen determinadas liñas para a preparación do curso 2020/2021 co obxecto de que nos centros e o profesorado organicen plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020/2021, coa finalidade de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente do que ten máis dificultades.
- Orde EFP/5, 1/2020, do 2 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021 que establece que as administracións educativas adoptasen as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas presenciais.
- Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, que establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o contaxio por COVID-19.

O mencionado Real Decreto 1105/2014, resume a presente materia como “amor ó saber”

pero apresúrase a matizar “e elo, filosofando”, matización imprescindible para evitar pensar que a acumulación erudita dos coñecementos da o específico dá materia, e dicir, esa actitude combativa fronte á necidade (coma dixo Nietzsche, Gaya Ciencia), esa actitude de manter desperto o espírito crítico. Ademais, no Decreto para a Comunidade Autónoma, tamén engádese: “a afirmación kantiana de que «non apréndese Filosofía, apréndese a filosofar», non como a descrición dunha cita filosófica, se non como unha norma para a docencia, da que importa non tanto transmitir, repetir teses, producir e recrear a actividade pola que este saber alcázase”. Baixo estas ideas podemos citar tres obxectivos moi xerais, que determinan tanto a concreción desta Programación como o enfoque da materia (máis adiante veremos a súa relación coas competencias):

1) Saber: “aprender a coñecer a facer”, neste caso, aprender a pensar criticamente como obxectivo fundamental da ensinanza, aplicable a tódolos temas tratados na materia, é a filosofía mesma. Este saber pensar, non é só saber ler (textos, pero tamén situacións, acontecementos...) é saber expresar correctamente o que se pensa, tanto oralmente como por escrito. 2) Saber facer: “aprender a convivir”, neste caso, devir mellor persoa e mellor cidadán, consciente das consecuencias das propias accións sobre os demais e sobre o medio, dando importancia á participación política.

3) Saber ser: “aprender a ser”: a filosofía nace **de** e conecta directamente **có** espírito de curiosidade inherente a todo ser humano. Trátase entón de entremediar entre a realidade do aula e de que a priori o alumnado estará interesado en calquera cousa excepto no que o docente ou a docente vaia a dicir (F. Savater, O valor de educar). Concibir así, o aprendizaxe-ensinanza da filosofía coma un acto de “optimismo epistemolóxico” (Marina: Espertade ao Diplodocus).

## 1.2 Contextualización

O Instituto atópase situado no Barco de Valdeorras, no interior de Ourense, preto a Castela e León (Ponferrada), de aproximadamente 14000 habitantes, a maioría dos cales ocúpanse directa ou indirectamente de dúas actividades principais: produción de viño e de extracción de lousa. Un

sector económico menor, pero en crecemento, é o turismo rural (ata a pandemia). O municipio conta cos servizos elementais: hospital, centro de saúde, biblioteca, dous centros de educación primaria e dous institutos.

A maioría das familias sitúanse nun grupo socioeconómico medio e culturalmente medio, gran parte do alumnado provén dunha orixe rural. Non é un centro con problemas de disciplina, e o maior problema que se presenta no Bacharelato é fomentar a asistencia ás clases e o interese polos estudos de alumnas/os que veñen tralos estudos obrigatorios.

Gran parte do alumnado do noso centro procede dos pobos limítrofes o que ten implicacións no ensino, tanto na posibilidade de realizar determinados traballos en grupo fóra de horario escolar (carencia de transporte escolar) como no acceso Internet. Agora ben, tódolos alumnos dispoñen de smartphone con acceso o Internet. O centro conta con biblioteca con acceso Wi-Fi, aula de informática para utilizar con reserva previa, sala de proxeccións, ximnasio, pavillón e laboratorio.

O Centro conta con recursos suficientes e variados. Aínda que neste excepcional curso 20-21 a administración proporcionounos profesor@s, o problema está na falta de profesorado para poder facer agrupamentos específicos, reforzos e desdobres que si axudarían a paliar moitos dos problemas cos que nos atopamos con independencia da excepcionalidade deste curso.

Ademais de dous graos de Formación Profesional (Administración e Agraria), o instituto conta con dous itinerarios, Ciencias e Tecnoloxía, e Humanidades e Ciencias Sociais, e en ambos é troncal a materia de Filosofía.

***Dadas as especiais circunstancias que concorren neste curso académico 2021-2022, que dan lugar a unha certa incertidume sobre a evolución da programación en diversos aspectos, presentaremos na mesma os aspectos referidos a obxectivos, criterios de avaliación, e competencias básicas de modo habitual.***

***Porén, deberemos ter moi presentes as consideracións nos apartados de metodoloxía e avaliación así como no referente aos mecanismos de adaptación da programación, onde apuntaremos aspectos que teñen que ver co plan de reforzo (axustes curriculares, medidas organizativas e graos de presencialidade), derivado das carencias, necesidades e circunstancias excepcionais que detectemos a través da lectura dos informes individualizados, da información compartida entre os membros do departamento e dos equipos docentes e da análise dos resultados da avaliación inicial.***

## 2. OBXECTIVOS XERAIS.

Os obxectivos xerais que marcan os principios básicos desta programación son os seguintes:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos personais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non-discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua española e, no seu caso, a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou en máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información y a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu entorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elegida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer el desenvolvemento personal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade vial.



### 3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As competencias clave tal e como son enumeradas e descritas na Orde EDC/65/2015, do 21 de xaneiro, son as seguintes:

- ✓ **CCL: Comunicación lingüística.**
- ✓ **CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**
- ✓ **CD: Competencia dixital.**
- ✓ **CAA: Aprender a aprender.**
- ✓ **CSC: Competencias sociais e cívicas.**
- ✓ **CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.**
- ✓ **CCEC: Conciencia e expresións culturais.**

Cabe indicar que estas competencias básicas están estreitamente relacionadas cos principios básicos do departamento de Filosofía e atinxen en especial coa **competencia social e cidadá**. Neste senso cabe incidir na preocupación por algúns aspectos dos propios contidos curriculares, en especial no desenvolvemento da materia de Valores Éticos:

- A igualdade entre os sexos ou a loita contra as formas de exclusión social ou discriminación.*
- A responsabilidade polo coidado do medio ambiente ou pola orientación do desenvolvemento tecnocientífico.*
- Os modos de participación no debate cidadán en pos dunha actitude que defenda os valores e as formas de organización social democráticos.*
- A relevancia dos Dereitos Humanos e da súa evolución histórica..*
- O achegamento á pluralidade social ou ao carácter da globalización e as súas implicacións.*

Así pois, esta competencia está totalmente imbricada no mesmo desenvolvemento dos contidos desta área do currículo.

Ademais, no seu desenvolvemento debe propiciarse a adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer unha forma plena de cidadanía democrática. Así, cabe indicar que **todas as materias do departamento** favorecen o **desenvolvemento de destrezas** que permiten:

- participar, tomar decisións, elixir a forma axeitada de comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das consecuencias derivadas das decisións adoptadas;
- contribuír a reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal, a tomar conciencia e facilitar a expresión dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións;
- impulsar os vínculos persoais baseados nos valores da convivencia e a participación, xerando sentimentos non excluíntes e a interiorizar o valor de respecto, así como a aceptar e usar convencións e normas sociais facilitadoras da convivencia;

- consolidar os valores de cooperación, de solidariedade, de xustiza e de non violencia grazas a sensibilización ante as situacións de discriminación e inxustiza;
- abrir as portas a tomar conciencia da necesidade do compromiso e da participación tanto no ámbito persoal coma no social;
- fomentar a práctica do diálogo como medio para afrontar e resolver as situacións de conflito mediante procedementos non violentos;
- favorecer a identificación e reflexión crítica sobre os valores do contorno, da Constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, ofrecendo como referente ético os valores da DUDH.
- Igualmente estas materias potencian o desenvolvemento da **competencia da autonomía e iniciativa persoal**, xa que:
  - o modo de alcanzar esa competencia depende precisa do coñecemento dun mesmo, do autocontrol e do equilibrio emocional, derivado do recto coñecemento e reflexión sobre as relacións entre intelixencia, sentimentos e emocións.
  - a formación dun código moral propio e autónomo aséntase nalgunha medida no coñecemento das distintas teorías éticas.

Tamén nos procedementos aténdese a esta competencia pois:

- a argumentación, a elaboración de ideas propias, o estudo de casos que esixen un posicionamento persoal sobre un problema e a procura de posibles solucións;
- a necesidade de planificar, tomar decisións con criterio propio e asumir a responsabilidade da elección;
- a formulación e resolución autónoma e democrática de dilemas morais;...

son aspectos que sen dúbida deben contribuír a desenvolver esa competencia básica.

Podemos atopar ademais unha serie de contidos curriculares -anque non centrais, si moi relevantes- relativos á **competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**, a saber:

- o uso responsable dos recursos naturais,
- a necesidade de preservar o ambiente,
- a potenciación dun consumo responsable e
- a promoción dunha forma de vida saudable.

Finalmente, cabe lembrar que **no desenvolvemento procedemental contribúese ao desenvolvemento doutras competencias**.

A **competencia en comunicación lingüística** está marcada polo uso sistemático do diálogo e do debate contribúe, pois debater en serio esixe exercitarse na escoita, a exposición e a argumentación e para iso é necesario verbalizar os conceptos, facer explícitas as ideas, formar os xuízos e estruturalos de forma coherente.

O desenvolvemento de habilidades sociais para a convivencia nunha sociedade plural esixe ser quen de apreciar os distintos feitos culturais e deleitarse coa riqueza das distintas manifestacións

artísticas dos distintos grupos humanos en distintas épocas e lugares, expresión do intelecto e sensibilidade humanas. Motivos e razóns para mellorar a **competencia cultural e artística**.

Pero, se hai dúas competencias que -dadas as excepcionais circunstancias deste curso- terán unha especial relevancia serán as que promoven a capacidade de aprender a aprender e a dixital.

En canto á primeira, o desenvolvemento da **competencia de aprender a aprender** atopámola a través da educación afectivo emocional porque:

- facilita o recoñecemento das propias capacidades e carencias e as habilidades para sacar proveito das primeiras e superar as segundas;
- o desenvolvemento do diálogo e a valoración das razóns doutras persoas require admitir a diversidade de respostas ante un mesmo problema.

En canto á segunda, cabe apuntar que o estímulo das destrezas orientadas á recompilación e á síntese de información, á transformación da información en coñecemento, ao desenvolvemento das habilidades sociais que permiten o traballo en equipo (a través dos distintos recursos que nos proporcionan os recursos telemáticos) favorecen tamén as aprendizaxes posteriores. A necesidade de buscar, obter, analizar, sintetizar e relacionar a información procedente de distintas fontes, comprendela e integrala para producir coñecemento, comunicala, facer inferencias e deducións son procedementos que contribúen tamén a desenvolver a **competencia tratamento da información e competencia dixital**.

**4. PROGRAMA DAS DISTINTAS MATERIAS (cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, competencias clave e grao mínimo de consecución para superar a materia).**

**4.1. HISTORIA DA FILOSOFÍA 2º de BACHARELATO.**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Ob.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
<b>1ª avaliación</b>				
<b>Bloque 1. Contidos transversais</b>				
b d e h	B1.1. Comentario de texto. B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.	B1.1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis salientables da historia da filosofía, e ser capaz de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.	HFB1.1.1. Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.	CCL
			HFB1.1.2. Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas.	CAA CCL
			HFB1.1.3. Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados.	CAA CCL
a b c d e	B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.	B1.2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións, dialogando de xeito razoado con posicións diferentes.	HFB1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito.	CCL CSIEE
			HFB1.2.2. Utiliza o diálogo racional na defensa das súas opinións, e valora a diversidade de ideas e, á vez, apoiándose nos aspectos comúns.	CSC
b d e g m	B1.3. Ferramentas de aprendizaxe e investigación da filosofía.	B1.3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos.	HFB1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor/a, mediante resumos e clasifícaos nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política.	CAA
			HFB1.3.2. Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o seu significado, organízalos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos.	CAA CCL
			HFB1.3.3. Selecciona información de distintas fontes, bibliográficas e de internet, e recoñece as fontes fiables.	CD

			HFB1.3.4. Realiza redaccións ou disertacións, traballos de investigación e proxectos que impliquen un esforzo creativo e unha valoración persoal.	CSIEE
d g m	B1.4. Aplicación das competencias de tecnoloxías da información e da comunicación á historia da filosofía.	B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación na realización e na exposición dos traballos de investigación filosófica.	HFB1.4.1. Utiliza as ferramentas informáticas e da web 2.0. (wikis, blogs, redes sociais, procesador de textos, presentación de diapositivas ou recursos multimedia, etc.) para o desenvolvemento dos traballos.	CD
			HFB1.4.2. Realiza procuras avanzadas en internet sobre os contidos da investigación.	CD
			HFB1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudados utilizando as TIC.	CD
<b>Bloque 2. A filosofía na Grecia antiga</b>				
<b>Historia da Filosofía. 2º de bacharelato</b>				
<b>Ob.</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Comp.</b>
B c d e h	B2.1. Orixe da filosofía grega. Os presocráticos: resposta á orixe do cosmos. B2.2. Dialéctica socrática. B2.3. Convencionalismo democrático e relativismo dos sofistas B2.4. Platón: ontoloxía e coñecemento; concepción dualista do ser humano; dimensión antropolóxica e política; autor e o seu contexto.	B2.1. Coñecer a orixe da filosofía en Grecia e comprender o primeiro gran sistema filosófico, o de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude, en relación coa filosofía presocrática e o xiro antropolóxico de Sócrates e os Sofistas, valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Grecia antiga, e apreciando criticamente o seu discurso.	HFB2.1.1. Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mímese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplícaos con rigor.	CCL
			HFB2.1.2. Entende e explica con claridade, tanto na lingua oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude.	CCL
			HFB2.1.3. Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón.	CAA
			HFB2.1.4. Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na	CSC

			educación.	
B d e h	B2.5. A física de Demócrito. B2.6. Problemas da filosofía antiga e solución de Aristóteles. B2.7. Aristóteles: metafísica, física, coñecemento, ética eudemonista e política. Comparación coa filosofía platónica. O autor e o seu contexto.	B2.2. Entender o sistema teleolóxico de Aristóteles, en relación co pensamento de Platón e a física de Demócrito, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e cos cambios socioculturais da Grecia antiga.	HFB2.2.1. Utiliza con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución, dedución, abstracción, alma, monismo, felicidade e virtude, entre outros.	CCL
			HFB2.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética eudemonista e a política, en comparación coas teorías de Platón.	CCL
			HFB2.2.3. Describe as respostas da física de Demócrito, identificando os problemas da filosofía antiga, e relaciona esas respostas coas solucións achagadas por Aristóteles.	CAA
			HFB2.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvemento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións.	CMCCT
D e h l	B2.8. Doutrinas éticas helenísticas: Epicureísmo, Estoicismo e Escepticismo. B2.9. Científicos helenísticos. B2.10. Biblioteca de Alexandría.	B2.3. Coñecer as escolas éticas no helenismo, valorar o seu papel e re-coñecer a repercusión dos grandes científicos helenísticos, apreciando a Biblioteca de Alexandría.	HFB2.3.1. Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algúns dos grandes logros da ciencia alexandrina.	CMCCT
<b>2ª avaliación</b>				
<b>Bloque 3. A filosofía medieval</b>				
<b>Historia da Filosofía. 2º de bacharelato</b>				
<b>Ob.</b>	<b>Contidos</b>	<b>Critérios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Comp.</b>
b c d e h	B3.1. Cristianismo e filosofía. Agostiño de Hipona:	B3.1. Explicar a orixe do pensamento cristián e o seu encontro coa filosofía a través	HFB3.1.1. Explica o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona: teoría da iluminación, filosofía da historia, o problema da certeza e a	CCEC

		das ideas fundamentais de Agostiño de Hipona.	defensa da liberdade.	
d e h	B3.2. Escolástica medieval. Tomé de Aquino: relacións de razón e fe. As “cinco vías”. Lei moral. Relación coa filosofía antiga e coa agostiniana, a xudía e o nominalismo. O autor e o seu contexto.	B3.2. Coñecer a síntese de Tomé de Aquino, en relación co agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Media.	HFB3.2.1. Define conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva e precepto, entre outros, e aplícaos con rigor.	CCL
			HFB3.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na lingua oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Tomé de Aquino, distinguindo a relación entre fe e razón, as vías de demostración da existencia de Deus, e a lei moral, en comparación coas teorías da filosofía Antiga.	CCL
			HFB3.2.3. Discrimina as respostas do agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, identificando os problemas da filosofía medieval, en relación coas solucións achegadas por Tomé de Aquino.	CAA
			HFB3.2.4. Valora o esforzo da filosofía de Tomé de Aquino por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os cambios sociais da Idade Media, xulgando positivamente a universalidade da lei moral.	CSC
D e h	B3.4. Crise da Escolástica no século XIV: nominalismo de Guillerme de Ockham. Relacións entre razón e fe. Novo pulo para a ciencia.	B3.3. Coñecer algunha das teorías centrais do pensamento de Guillerme de Ockham, cuxa reflexión crítica supuxo a separación entre razón e fe, a independencia da filosofía e o novo pulo para a ciencia.	HFB3.3.1. Coñece as teses centrais do nominalismo de Guillerme de Ockham e a súa importancia para a entrada na modernidade.	CCEC
<b>Bloque 4. A filosofía na Modernidade e na Ilustración</b>				
B c d e h l	B4.1. Filosofía no Renacemento. Humanismo novo concepto da natureza humana. B4.2. Bacon. Os idola B4.3. Implicacións da revolución científica. B4.4. Realismo político de Maquiavelo.	B4.1. Comprender a importancia do Renacemento, valorando o humanismo, as propostas de F. Bacon e as implicacións da Revolución Científica, e	HFB4.1.1. Comprende a importancia intelectual do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e describe as respostas da filosofía humanista sobre a natureza humana.	CMCCT
			HFB4.1.2. Explica as ideas ético-políticas fundamentais de N. Maquiavelo e compáraas cos sistemas ético-políticos anteriores.	CSC

		coñecer as teses do realismo político de N. Maquiavelo.		
B c d e h	B4.5. Descartes: O método, o "cogito" (coñecemento e realidade) e o dualismo antropolóxico. B4.6. Comparación do autor coa filosofía antiga e medieval, e relación coa Moderna. O autor e o seu contexto.	B4.2. Entender o racionalismo de Descartes, distinguíndoo e relacionándoo coa filosofía humanista e o monismo de Spinoza, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Moderna.	HFB4.2.1. Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, "cogito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor.	CCL
			HFB4.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes, analizando o método e a relación entre coñecemento e realidade a partir do "cogito" e o dualismo no ser humano, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval.	CCL
			HFB4.2.3. Identifica os problemas da filosofía moderna e relaciónaos coas solucións aportadas por Descartes.	CCEC
<b>Historia da Filosofía. 2º de bacharelato</b>				
<b>Ob.</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Comp.</b>
			HFB4.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Descartes por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana.	CSC
B c d e h l	B4.7.Hume: o coñecemento, crítica á causalidade e á substancia. Emotivismo moral. Comparación coa filosofía anterior. O autor e o seu contexto  B4.8.Locke: liberalismo político.	B4.3. Coñecer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.	HFB4.3.1. Utiliza conceptos de Hume como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, imanencia, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade, felicidade, contrato social, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor.	CCL
			HFB4.3.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica á causalidade e á substancia, e o emotivismo moral, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval, e co racionalismo moderno.	CMCCT
			HFB4.3.3. Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna, e relaciónaos coas solucións aportadas por Hume.	CSC



			HFB4.3.4. Valora o esforzo da filosofía de Hume por contri- buír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociocul- turais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva.	CSC
B c d e h	B4.9. Ilustración francesa. Rousseau: crítica á civiliza- ción, o estado de natureza, o contrato social, vontade xeral.	B4.4. Coñecer os princi- pais ideais dos ilustrados franceses, afondando no pensamento de Rousse- au, e valorar a importan- cia do seu pensamento para o xurdimento da de- mocracia mediante unha orde social desde a natu- reza humana.	HFB4.4.1. Comprende os ideais que impulsaron os ilustra- dos franceses, e explica o sentido e transcendencia do pen- samento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civili- zación, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.	CSC
B c d e h	B4.10. Idealismo transcen- dental. Kant: as facultades e límites do coñecemento. 4.11. Lei Moral e paz per- petua. B4.12. Relación do proxec- to ilustrado de Rousseau coa filosofía Moderna e Kant. B4.13. Comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.	B4.5. Comprender o ide- alismo crítico de Kant, en relación co racionalismo de Descartes, o empiris- mo de Hume e a filosofía ilustrada de Rousseau, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios so- cioculturais da Idade Mo- derna.	HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, en- tendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, li- berdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e uti- lízaos con rigor. HFB4.5.2. Entende e explica con claridade, tanto na lingua- xe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñece- mento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas te- orías da filosofía antiga, medieval e moderna. HFB4.5.3. Describe a teoría política de Rousseau, identifi- cando os problemas da filosofía moderna e relacionándoa coas solucións achegadas por Kant. HFB4.5.4. Respecta e razoa o esforzo da filosofía de Kant por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre as nacións	CAA  CCL  CCL  CSC
<b>3ª avaliación</b>				
<b>Bloque 5. A filosofía contemporánea</b>				
<b>Historia da Filosofía. 2º de bacharelato</b>				

Ob.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
B c d e h	B5.1. Marx: o materialismo histórico, a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e a súa visión humanista do individuo. B5.2. Relación de Marx cos problemas da filosofía contemporánea. O autor e o seu contexto.	B5.1. Entender o materialismo histórico de Marx, en relación co idealismo de Hegel e con Feuerbach, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Contemporánea.	HFB5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízaos con rigor.	CSC
			HFB5.1.2. Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, examinando o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e expón a súa visión humanista do individuo.	CCL
			HFB5.1.3. Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Marx.	CSC
			HFB5.1.4. Valora o esforzo da filosofía de Marx por contrbuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social.	CSC
B c d e h	B5.3. Nietzsche: crítica á metafísica, á moral e á ciencia; a verdade como metáfora. B5.4. O superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, e comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. O autor e o seu contexto. B5.5. Vontade en Schopenhauer.	B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea.	HFB5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícaos con rigor.	CCL
			HFB5.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea.	CCL
			HFB5.2.3. Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade e identifica os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións de Nietzsche.	CCEC
			HFB5.2.4. Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade	CSC

			Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade.	
B c d e h	B5.6. Filosofía española. Ortega y Gasset: a súa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo ou outras posturas filosóficas. O autor e o seu contexto.	B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración social, cultural e política de España.	HFB5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícalos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros.	CCL
			HFB5.3.2. Comprende e explica as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo.	CCL
			HFB5.3.3. Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valorao seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia.	CSC
B c	B5.7. Filosofía crítica da escola de Frankfurt. A crítica a razón ilustrada e á	B5.4. Coñecer as teses fundamentais da crítica da Escola de Frankfurt,	HFB5.4.1. Identifica conceptos de Habermas, como coñecemento, interese, consenso, verdade, enunciado, comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e conceptos da filo-	CSC
<b>Historia da Filosofía. 2º de bacharelato</b>				
<b>Ob.</b>	<b>Contidos</b>	<b>Critérios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Comp.</b>
d e h	idea de progreso. B5.8. Racionalidade dialóxica de Habermas: os intereses do coñecemento e a acción comunicativa. B5.9. Contribución de Habermas ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais na Idade Contemporánea. B5.10. Pensamento posmoderno: principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexión	analizando a racionalidade dialóxica de Habermas, relacionándoo coa filosofía crítica da Escola de Frankfurt, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. Coñecer as teses máis definitorias do pensamento	sofía posmoderna, como deconstrución, diferenza, cultura, texto, arte, e comunicación, entre outros, aplicándoos con rigor.	
			HFB5.4.2. Entende e explica as teorías da filosofía de Habermas, distinguindo os intereses do coñecemento e a acción comunicativa.	CCL
			HFB5.4.3. Identifica as respostas da filosofía crítica da escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando os problemas da filosofía contemporánea.	CAA
			HFB5.4.4. Estima o esforzo da filosofía de Habermas e do pensamento posmoderno por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu	CSC

	so- bre a súa vixencia actual.	posmoder- no, identificando as teses fundamentais de Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e valorar criticamente a súa repercusión no pen- samento filosófico a partir de finais do século XX.	esfuerzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferenza.	
			HFB5.4.5. Coñece as teses do pensamento posmoderno: a crítica á razón ilustrada, á idea de progreso, ao pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas.	CSC
			HFB5.4.6. Explica as principais teses dos filósofos posmo- dernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard.	CAA CCL

## GRADO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA ESTÁNDAR.

### Filosofía grega:

- ✚ A orixe do cosmos na corrente presocrática.
- ✚ Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas.
- ✚ Realidade e coñecemento en Platón.
- ✚ Platón: antropoloxía e política.
- ✚ Física e metafísica en Aristóteles.
- ✚ Ética e política en Aristóteles.

### Filosofía medieval:

- ✚ O problema razón/fe na filosofía medieval.

### ✚ Filosofía moderna: Descartes: o problema do método e a evidencia do cogito. O liberalismo político de Locke.

- ✚ Hume: crítica das ideas de sustancia e causalidade.
- ✚ Razón e progreso na Ilustración.
- ✚ Os límites do coñecemento en Kant.
- ✚ A lei moral en Kant.

### Filosofía contemporánea:

- ✚ Alienación e ideoloxía en Marx.
- ✚ Nietzsche: crítica da cultura occidental.
- ✚ Ortega y Gasset: a razón vital.

#### 4.2. PSICOLOXÍA de 2º de BACHARELATO.

Psicología. 2º de bacharelato				
Ob	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp.
<b>1ª avaliación</b>				
<b>Bloque 1. A psicología como ciencia</b>				
b e h l	<p>B1.1. A psicología desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX.</p> <p>B1.2. Constitución da psicología como saber autónomo: Wundt, Watson, James e Freud.</p> <p>B1.3. Diversidade de acepcións do termo psicología na súa evolución.</p> <p>B1.4. Obxecto propio da psicología. A psicología e outros saberes.</p>	<p>B1.1. Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación.</p>	<p>PSB1.1.1. Explica e constrúe un marco de referencia global da psicología, desde as súas orixes en Grecia (nas filosofías de Platón e Aristóteles), ata o seu recoñecemento como saber independente da man de Wundt, Watson, James e Freud, definindo as acepcións do termo psicología ao longo da súa evolución, desde o etimolóxico, como "ciencia da alma", aos achegados polas correntes actuais: condutismo, cognitivismo, psicanálise, humanismo ou Gestalt.</p>	CAA
			<p>PSB1.1.2. Recoñece as cuestións e os problemas que investiga a psicología desde os seus inicios, distinguindo a súa perspectiva das proporcionadas por outros saberes.</p>	CMCCT
d e l	<p>B1.5. Obxectivos que caracterizan a psicología.</p> <p>B1.6. Facetas teórica e práctica da psicología, e ámbitos de aplicación.</p> <p>B1.7. Metodoloxías da investigación psicolóxica: métodos e obxectivos.</p>	<p>B1.2. Identificar a dimensión teórica e práctica da psicología, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía, etc.</p>	<p>PSB1.2.1. Explica a importancia dos obxectivos da psicología: describir, explicar, predicir e modificar.</p>	CMCCT
			<p>PSB1.2.2. Distingue e relaciona as facetas teórica e práctica da psicología, e identifica as ramas en que se desenvolven (clínica e da saúde, da arte, das actividades físico-deportivas, da educación, forense, da intervención social, ambiental, etc.), investigando e valorando a súa aplicación nos ámbitos de atención na comunidade, como na familia e na infancia, na terceira idade, en minusvalías, muller, xuventude, minorías sociais e inmigrantes, cooperación para o desenvolvemento, etc.</p>	CSC
			<p>PSB1.2.3. Describe a utilidade das distintas técnicas e metodoloxías de investigación psicolóxica (como son a introspección, a fenomenoloxía, a hermenéutica, os test, a</p>	CAA

			entrevista persoal, dinámica de grupos, etc.) e os seus obxectivos (observación, descrición, experimentación, explicación, estudos de casos,...).	
a d e g h	<p>B1.8. Achegas máis importantes da psicoloxía na comprensión dos fenómenos humanos. Problemas tratados e conclusións ofrecidas.</p> <p>B1.9. Teorías psicolóxicas: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía.</p> <p>B1.10. Textos de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.</p>	<p>B1.3. Recoñecer as achegas máis importantes da psicoloxía, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as súas solucións a través das correntes psicolóxicas contemporáneas, realizando unha análise crítica de textos significativos da psicoloxía, identificando súas problemáticas.</p>	<p>PSB1.3.1. Recoñece a importancia das achegas que a psicoloxía realizou na comprensión dos fenómenos humanos, e identifica os problemas e as súas conclusións.</p>	CCEC
			<p>PSB1.3.2. Utiliza a súa capacidade de aprender a aprender, realizando os seus propios mapas conceptuais, utilizando medios informáticos, acerca das seguintes teorías: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía, expoñendo as súas pesquisas mediante presentacións gráficas, en medios audiovisuais.</p>	CAA CD CSIEE
			<p>PSB1.3.3. Analiza e valora criticamente textos sobre os problemas, as funcións e as aplicacións da Psicoloxía de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.</p>	CCL
<b>Bloque 2. Fundamentos biolóxicos da conduta</b>				
<b>Psicoloxía. 2º de bacharelato</b>				
<b>Ob</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Comp.</b>
e g h i	<p>B2.1. Anatomía do encéfalo humano. Comparativa co doutros animais.</p> <p>B2.2. Filoxénese da evolución do cerebro humano e relación coa conduta.</p>	<p>B2.1. Explicar a evolución do cerebro humano desde un enfoque antropológico, distinguindo as súas características específicas das doutros animais.</p>	<p>PSB2.1.1. Identifica, contrasta e valora a nivel anatómico diferentes tipos de encéfalos animais en comparación co humano, valéndose de medios documentais.</p>	CMCCT
			<p>PSB2.1.2. Investiga a través de internet a filoxénese humana e a evolución do cerebro, explicando e apreciando a relación directa que mantén co desenvolvemento da conduta humana.</p>	CD
d e g i	<p>B2.3. Morfoloxía da neurona. Sinapse, impulso nervioso e neurotransmisores.</p> <p>B2.4. Áreas do cerebro e as funcións que</p>	<p>B2.2. Analizar a organización do SNC, fundamentalmente do encéfalo humano, distinguindo as localizacións e as funcións que determinan a conduta dos individuos</p>	<p>PSB2.2.1. Realiza unha presentación, con medios informáticos, en colaboración grupal, sobre a morfoloxía neuronal e a sinapse, describindo o proceso de transmisión sináptica e os factores que a determinan, o impulso nervioso e os</p>	CD

	executan.		neurotransmisores.	
			PSB2.2.2. Localiza nun debuxo e explica a organización das áreas cerebrais e as súas funcións.	CMCCT
ehil	B2.5. Técnicas de investigación da actividade cerebral: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos. B2.6. Impulso desas técnicas de investigación para o estudo do comportamento e a solución de patoloxías.	B2.3. Entender as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e doenzas mentais.	PSB2.3.1. Describe e compara as técnicas científicas de investigación do cerebro: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos.	CMCCT
			PSB2 3.2. Analiza e aprecia o impulso que estas técnicas de investigación cerebral lle deron ao coñecemento do comportamento humano e á solución dalgunhas patoloxías.	CSC
acegi	B2.7. Bases xenéticas da diferenza entre a conduta feminina e a masculina. B2.8. Doenzas causadas por alteracións xenéticas. Anomalía na conduta. Síndromes.	B2.4. Comprender e recoñecer algunhas das bases xenéticas que determinan a conduta humana, apreciando a relación de causa e efecto que pode existir entre ambas as dúas e destacando a orixe dalgunhas doenzas producidas por alteracións xenéticas.	PSB2.4.1. Explica a influencia dos compoñentes xenéticos que interveñen na conduta, e investiga se estes teñen efectos distintivos entre a conduta feminina e a masculina.	CMCCT
			PSB2.4.2. Relaciona e aprecia a importancia das alteracións xenéticas coas doenzas que producen modificacións e anomalías na conduta, utilizando o vocabulario técnico preciso: mutación, trisomía, monosomía, delección, etc.	CCL
A b c d g h	B4.9. Adecuación da Constitución española aos principios éticos da DUDH. B4.10. Deberes cidadáns na Constitución española. B4.11. Responsabilidade fiscal e principios reitores da política social e económica	B4.5. Sinalar e apreciar a adecuación da Constitución española aos principios éticos definidos pola DUDH, mediante a lectura comentada e reflexiva dos "dereitos e deberes dos cidadáns" (artigos do 30 ao 38) e dos "principios reitores da	VEB4.5.1. Coñece e aprecia na Constitución española a súa adecuación á DUDH, e sinala os valores éticos en que se fundamentan os dereitos e os deberes dos cidadáns e das cidadás, así como os principios reitores da política social e económica.	CSC
			VEB4.5.2. Explica e asume os deberes cidadáns que establece a Constitución, e ordénaos segundo a súa importancia,	CCL CSIEE

	na Constitución española.	política social e económica" (artigos do 39 ao 52).	xustificando a orde elixida.	
			VEB4.5.3. Achega razóns para xustificar a importancia que ten, para o bo funcionamento da democracia, o feito de que os cidadáns e cidadás sexan conscientes non só dos seus dereitos, senón tamén das súas obrigas como un deber cívico, xurídico e ético.	CSC
			VEB4.5.4. Recoñece a responsabilidade fiscal dos cidadáns e da cidadás, e a súa relación cos orzamentos xerais do Estado como un deber ético que contribúe ao desenvolvemento do ben común.	CSC
A b g h i ñ	B4.12. Estatuto de Autonomía de Galicia: título preliminar; título primeiro, capítulos I e II.	B4.6. Coñecer e valorar os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia segundo aparece no seu título preliminar e no título primeiro, capítulos I e II.	VEB4.6.1. Sinala e comenta, a través do traballo colaborativo, os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia recollidos no seu título preliminar.	CAA CSC
			VEB4.6.2. Identifica e valora as características sinaladas no título I sobre o "poder galego".	CCL
			VEB4.6.3. Identifica e valora as funcións e as características do Parlamento sinaladas no capítulo I, e da Xunta e a súa Presidencia, segundo o capítulo II.	CCL
A d h l	B4.13. Desenvolvemento histórico da Unión Europea (UE): obxectivos e valores éticos en que se fundamenta, de acordo coa DUDH. B4.14. Logros alcanzados pola UE en beneficio dos seus cidadáns e das súas cidadás.	B4.7. Coñecer os elementos esenciais da UE, analizando os beneficios recibidos e as responsabilidades adquiridas polos estados membros e a súa cidadanía, coa finalidade de recoñecer a súa utilidade e os logros alcanzados por esta.	VEB4.7.1. Describe a integración económica e política da UE, o seu desenvolvemento histórico desde 1951, os seus obxectivos e os valores éticos nos que se fundamenta, segundo a DUDH.	CSC
			VEB4.7.2. Aprecia os logros alcanzados pola UE para a vida dos cidadáns e das cidadás (anulación de fronteiras e restricións alfandegueiras, libre circulación de persoas e capitais, etc.), así como as obrigas adquiridas en diferentes ámbitos (económico, político, da seguridade e a paz, etc.).	CSC
<b>2º trimestre</b>				
<b>Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos</b>				
<b>Valores éticos. 3º ESO</b>				

Ob	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp
A b e h	B5.1. Relación entre ética e dereito. B5.2. Relación entre legalidade e lexitimidade.	B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións, e analizar o significado dos termos de legalidade e lexitimidade.	VEB5.1.1. Busca e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, semellanzas e vínculos existentes entre a Ética e o Dereito, e entre a legalidade e a lexitimidade, elaborando e presentando conclusións fundamentadas.	CAA CD
A b e g h l	B5.3. Xustificación das normas xurídicas. B5.4. Convencionalismo dos sofistas B5.5. Iusnaturalismo. Iusnaturalismo de Locke. B5.6. Iuspositivismo de Kelsen.	B5.2. Explicar o problema da xustificación das normas xurídicas, a través da análise das teorías do dereito natural ou iusnaturalismo, o convencionalismo e o positivismo xurídico, identificando a súa aplicación no pensamento xurídico de determinados/as filósofos/as, coa finalidade de ir conformando unha opinión argumentada sobre a fundamentación ética das leis.	VEB5.2.1. Elabora en grupo unha presentación con soporte dixital sobre a teoría iusnaturalista do dereito, o seu obxectivo e as súas características, identificando na teoría de Locke un exemplo desta no que se refire á orixe das leis xurídicas, a súa validez e as funcións que lle atribúe ao Estado.	CD CSC
			VEB5.2.2. Destaca e valora, no pensamento sofista, a distinción entre "physis" e "nomos", describindo a súa contribución ao convencionalismo xurídico, e elabora conclusións argumentadas arredor deste tema.	CCEC
			VEB5.2.3. Analiza información sobre o positivismo xurídico de Kelsen, nomeadamente no relativo á validez das normas e dos criterios que utiliza, especialmente o de eficacia, e a relación que establece entre a ética e o dereito.	CCEC
			VEB5.2.4. Recorre ao espírito emprendedor e á iniciativa persoal para elaborar unha presentación con medios informáticos, en colaboración co grupo, comparando as tres teorías do dereito.	CAA CD CSIEE
A b d e h	B5.7. Elaboración da DUDH e creación da ONU. Circunstancias históricas, obxectivos de ambos os acontecementos e papel da DUDH	B5.3. Analizar o momento histórico e político que impulsou a elaboración da DUDH e a creación da ONU, coa finalidade de entendela como	VEB5.3.1. Explica a función da DUDH como un código ético recoñecido polos países integrantes da ONU, coa finalidade de promover a xustiza, a igualdade e a paz en todo o mundo.	CSC



I	como código ético de conduta dos estados.	unha necesidade do seu tempo, cuxo valor continúa vixente como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos estados.	VEB5.3.2. Contrasta información dos acontecementos históricos e políticos que orixinaron a DUDH, entre eles o uso das ideoloxías nacionalistas e racistas que defendían a superioridade duns homes sobre outros, chegando ao extremo do Holocausto xudeu, así como a discriminación e o exterminio de todas as persoas que non pertencesen a unha determinada etnia, a modelo físico, relixión, a unhas ideas políticas, etc.	CAA
			VEB5.3.3. Sinala os obxectivos da creación da ONU e a data en que se asinou a DUDH, e valora a importancia para a historia da humanidade.	CCEC
A b c d e g h I	B5.8. Estrutura da DUDH: os seus artigos e os tipos de dereito.	B5.4. Apreciar contido e estrutura interna da DUDH,	VEB5.4.1. Constrúe un esquema sobre a estrutura da DUDH, que se compón dun preámbulo e 30 artigos que poden clasificarse da seguinte maneira: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os artigos 1 e 2 refírense aos dereitos inherentes a todas as persoas: a liberdade, a igualdade, a fraternidade e a non-discriminación.</li> <li>- Os artigos do 3 ao 11 refírense aos dereitos individuais.</li> <li>- Os artigos do 12 ao 17 establecen os dereitos do individuo en relación coa comunidade.</li> </ul> Os artigos do 18 ao 21 sinalan os dereitos e as li-	CAA CCL
<b>Valores éticos. 3º ESO</b>				
<b>Ob</b>	<b>Contidos</b>	<b>Crterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Comp</b>
			berdades políticas. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os artigos do 22 ao 27 céntranse nos dereitos económicos, sociais e culturais.</li> <li>- Finalmente, os artigos do 28 ao 30 refírense á interpretación de todos eles, ás condicións necesarias para o seu exercicio e aos seus límites.</li> </ul>	
			VEB5.4.2. Elabora unha campaña, en colaboración co grupo, coa finalidade de difundir a DUDH como fundamento do dereito e a democracia, no seu	CCEC CSC CSIEE

			medio escolar, familiar e social.	
B h l	B5.9. Xeracións de dereitos e feitos históricos que influíron no seu desenvolvemento.	B5.5. Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos como unha conquista da humanidade	VEB5.5.1. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos da primeira xeración (dereitos civís e políticos), da segunda xeración (económicos, sociais e culturais) e da terceira (dereitos dos pobos á solidariedade, ao desenvolvemento e á paz).	CCEC
A c d e	B5.10. Problemas aos que se enfrenta o exercicio dos dereitos civís e políticos da DUDH.	B5.6. Avaliar, utilizando o xuízo crítico, a magnitude dos problemas aos que se enfrenta a aplicación da DUDH.	VEB5.6.1. Investiga sobre os problemas e os retos da aplicación da DUDH, no que se refire ao exercicio de dereitos civís (destacando os problemas relativos á intolerancia, a exclusión social, a discriminación da muller, a violencia de xénero e a existencia de actitudes como a homofobia, o racismo, a xenofobia, o acoso laboral e escolar, etc.) e dos dereitos políticos (guerras, terrorismo, ditaduras, xenocidio, refuxiados/as).	CAA CD CSC
<b>3º avaliación</b>				
<b>Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía</b>				
A b d e f g h	B6.1. Necesidade de criterios éticos na investigación científica. Progreso científico-técnico e valores éticos.	B6.1. Recoñecer que existen casos en que a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc., mediante a análise da idea de progreso e a súa interpretación equivocada, cando os obxectivos non respectan un código ético fundamentado na DUDH.	VEB6.1.1. Obtén e selecciona información, traballando en colaboración, dalgúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos da DUDH, xerando impactos negativos nos ámbitos humano e ambiental, sinalando as causas.	CAA CD CMCCT CSC
			VEB6.1.2. Diserta, colaborando en grupo, sobre a idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu medio, e elabora e expón conclusións.	CCL CMCCT
			VEB6.1.3. Contrasta información, colaborando en grupo, sobre algunhas das ameazas da aplicación indiscriminada da ciencia e a tecnoloxía (explotación descontrolada dos recursos naturais, destrución de hábitats, contaminación química e industrial, choiva ácida,	CCL CMCCT CSIEE

			cambio climático,...).	
--	--	--	------------------------	--

### C. GRADO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA ESTANDAR.

- + Dignidade da persoa
- + Compresión e respecto a igualdade nas relacións interpersonais
- + A reflexión ética
- + A xustiza a e política
- + A democracia
- + A constitución española
- + O estatuto de autonomía
- + *Valores Éticos* e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.
- + Os Valores Éticos o dereito e os Dereitos humanos e tratados internacionais

## D) VALORES ÉTICOS DE 4º DE ESO

Esta asignatura trata de reconformar todo o traballo realizado nesta materia ao longo dos catro cursos da ESO:

Ob	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp
<b>1ª avaliación</b>				
a b c d h	B1.1. Adignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH. B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade. B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.	B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.	VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.	CSC
			VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.	CCL
			VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.	CAA
a b c d e g h	B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar.	B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven.	VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.	CCL
			VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar.	CCL
			VEB2.1.3. Elabora unha presentación que illustre os contidos máis sobresalientes tratados no tema, e expón as súas conclusións.	CCL CD CSIEE

a c d g h	B2.2. Fenómeno da socialización global. B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais. B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos.	B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema.	VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc.	CCEC CCL
			VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.	CSC
<b>2ª</b>				
<b>avaliación</b>				
a d f h	B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH. B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.	B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfronta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.	VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en risco os dereitos fundamentais da persoa.	CSC
			VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).	CMCCT CSIEE
a d g h m	B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía.	B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle impoñen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia.	VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a.	CSIEE

a b d h l	B3.4. Éticas formais e éticas materiais. B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental.	B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e sinalando a importancia que este filósofo lle atribúe á autonomía da persoa como valor ético fundamental.	VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais. VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal. VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións.	CCL
b c d e g h	B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. Relación coa ética de Kant.	B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética formal, que salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas xustas.	VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant. VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas.	CAA CD CSIEE
<b>3ª avaliación</b>				
a c d h l	B4.1. Democracia e xustiza. B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos.	B4.1. Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social.	VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).	CSC

a c d h l	B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos. B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos.	B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumento indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa.	VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).	CAA CSC
			VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vivencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuir na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.)	CSC

a d g h	B5.1. Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética. B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais.	B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas.	VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.	CCL
			VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.	CCL CSIEE

a b c d e g	B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza.	B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela.	VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón).	CAA CD
a b c d e g h	B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciáveis. B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH re-feridos ao económico e ao social. B5.6. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH.	B5.3. Valorar a DUDH como ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos.	VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar. VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).	CSC  CSC
			VEB5.3.3. Emrende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.	CCEC CD CSC



a b d e g h	B5.7. Dereito á seguridade e a paz. B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade coas vítimas da violencia. B5.9. Ameazas á paz.	B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos.	VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH).	CCL
			VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia.	CSC
			VEB5.4.3. Elabora presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual	CD CSC
a d h	B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española. B5.11. Misións das Forzas Armadas. B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución.	B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e a aplicación da forza e do poder.	VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.). VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais. VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH.	CSC

a b e f h m	B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos.	B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade.	VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.	CAA CM- CCT CSC CSIEE
a d f g h	B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais.	B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais.	VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.	CMCCT CSC CSIEE

### GRADO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR.

- ✚ A dignidade da persoa: atributos e consecuencias derivados desta.
- ✚ Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar.
- ✚ Fenómeno da socialización global.
- ✚ Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais.
- ✚ Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos.
- ✚ Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH.
- ✚ Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.;
- ✚ Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía.
- ✚ Éticas formais e éticas materiais.
- ✚ Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental.
- ✚ Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos.
- ✚ Perigos dunha globalización sen valores éticos.
- ✚ Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos.
- ✚ Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética.
- ✚ Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais.
- ✚ Os DDHH como ideais irrenunciáveis.
- ✚ Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.

## 5. METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os conceptos e procedementos que corresponden ás materias deste Departamento **non se deben transmitir nin única nin fundamentalmente dun modo memorístico, senón a través do descubrimento persoal, por parte do alumno, dos aspectos centrais dos contidos analizados, dos conceptos que agochan neles e dos conflitos e as implicacións que latexan tras cada un de tales conceptos.**

Neste sentido, as materias adscritas ao departamento de Filosofía han de concibirse como o lugar e a ocasión para que, a partir das motivacións e circunstancias particulares de cada grupo e cada alumno, detecten, expresen e analicen (a través da experiencia e a participación) non so unha comprensión ampla e precisa das aportacións da Filosofía, senón tamén de implicación de todos estes aspectos coa realidade multicultural e globalizada en que vivimos. **Sería un obxectivo prioritario que o alumnado rematase o curso cunha visión persoal e ética da existencia da especie humana, da súa sociedade e da súa propia vida cotiá.**

Os alumnos e as alumnas deberán desenvolver un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en competencias clave tanto para comprender o mundo coma para tomar unha actitude de compromiso social e cívico. Por iso farase fincapé na **necesidade de analizar, formular e dar solucións a problemas presentados polos textos tamén cun fondo ético.**

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de **métodos activos, indutivos e mixtos**; é dicir, **métodos eminentemente participativos** onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo.

A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de **estilos de ensino socializadores, cognitivos e creativos**, para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a súa conduta e as súas relacións sociais cara ao benestar común.

Neste contexto metodolóxico, o estudante convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente vai cedendo terreo para que o alumnado logre maior autonomía nas súas aprendizaxes e cree estruturas cognitivas que lle permitan un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

A finalidade propedéutica e orientadora da Filosofía esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de

capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas). Isto lograrase de acordo cos **criterios metodolóxicos** seguintes:

- Adaptación ás características do alumnado, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.
- Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
- Motivación: procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- Integración e interdisciplinidade: presentar os contidos cunha estrutura clara, mostrando as relacións entre os contidos de Filosofía e os doutras disciplinas doutras áreas.
- Rigor e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

Máis concretamente, estes criterios metodolóxicos deben ter en conta os criterios de avaliación seguintes:

- ✓ Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas mostradas nos textos de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.
- ✓ Seleccionar e sistematizar información obtida de diversas fontes.
- ✓ Analizar e argumentar sobre temas propostos.
- ✓ Ler comprensivamente e analizar, de forma crítica, textos significativos e breves.

A forma de conseguir estes obxectivos queda, en cada caso, a xuízo do profesorado, consonte co propio carácter, a concepción do ensino e as características do seu alumnado. Algunhas consideracións máis. Débese procurar que os alumnos e alumnas:

- a) engarcen a filosofía coas súas inquedanzas persoais e co seu entorno social;
- b) amplíen o mundo no que viven de modo que se integren nel non so as realidades cotiás senón tamén nos problemas e na historia do conxunto da sociedade na que viven;
- c) se poñan en situación de considerar como cousa propia a cultura filosófica herdada e as cuestións ás que se abren no presente;
- d) escriban algo polo menos unha vez á semana; lendo e pondo en común e a debate - despois da exposición do profesor- a redacción de breves pero argumentadas composicións persoais;
- e) escoiten con paciencia aos demais, se poñan no lugar do outro e sexan quen de condensar o escoitado;
- f) traten de fundar as posturas que menos entenden e menos comparten.
- g) perciban a través da lectura de xornais que os problemas da filosofía non son simples temas académicos ou históricos;
- h) establezan as debidas relacións cronolóxicas dalgúns feitos relevantes da historia da sociedade, da política, da cultura, da filosofía ou da ciencia;
- i) en calquera caso, recorden que a admiración é o paso primeiro obrigatorio para entrar na filosofía, e a través dela, no conxunto da verdadeira vida intelectual, responsable e solidaria

Resulta pois conveniente utilizar **estratexias didácticas variadas**, que combinen as estratexias expositivas, acompañadas de actividades de aplicación e as estratexias de indagación. Entre outros, na clase traballarase por medio de:

- a) Elaboración de resumes, esquemas, sínteses, cadros comparativos e mapas conceptuais a partir de textos de diversa índole.
- b) Lectura, análise e resume-comentario de textos e de libros recollidos de diversos ámbitos e que reflexionen acerca da realidade natural, social, cultural, ou humana da mente.
- c) Planificación e execución, a partir de diferentes fontes de información (bibliográficas e informáticas) de pequenos traballos de investigación e disertación acerca dos problemas tratados, valorándose a súa presentación en soporte informático, para a súa exposición e debate.
- d) Visionado e comentario dalgunha película ou documental.

Tamén se combinarán técnicas como o ensino recíproco e a discusión guiada con técnicas de visualización, de *role play*, especialmente nas materias de *Valores Éticos*, que permitirá integrar os contidos de forma holística, comprensiva e significativa.

O emprego destas estratexias está máis relacionado coa **aprendizaxe de procedementos, aínda que estes levan consigo, á súa vez, a adquisición de conceptos**, dado que tratan de poñer o alumnado en situacións que fomenten a súa reflexión e poñan en xogo as súas ideas e conceptos. Tamén son moi útiles para a aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos, actitudes e valores.

En canto aos **materiais e recursos didácticos**, cabe apuntar que o material de base se proporcionará aos alumnos /as os e eles mesmos elaborarán os seus propios materiais a partir da busca, selección e tratamento da información. Os libros de texto que se empreguen non serán o único criterio e modelo de aprendizaxe, senón apoio informativo e punto de partida para a aprendizaxe, que recollerá tamén outros medios e fontes de información: dicionarios, historias, textos clásicos, revistas, xornais, páxinas web, ... Desde este punto de vista, tamén se lles pedira aos alumnos-as a lectura dalgún libro axustado ao currículo de cada unha das materias e, obviamente, das súas capacidades de lectura comprensiva. Por iso, utilizaranse os espazos de que dispón o centro (biblioteca, aulas de informática e sala de audiovisuais, fundamentalmente) para levar a cabo as diferentes tarefas.

Finalmente, os alumnos-as terán un **caderno de traballo** onde irán facendo un rexistro das diferentes actividades de aprendizaxe e ensinanza así como dos diferentes estándares de aprendizaxe e das instrucións para levalos a cabo.

Na programación didáctica do presente curso 2021-2022 cómpre realizar algunha consideración **sobre o suposto de ensino non presencial**. Neste sentido, recollendo as **Instrucións do 30 de xullo de 2020**, no caso de que o ensino deixe de ser presencial, os profesores-as deste departamento determinarán as tarefas a realizar polo alumnado -preferente anque non unicamente- a través da **aula virtual do centro**, para garantir a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua. Igualmente, os alumnos-as subirán á aula virtual as tarefas que se lles encomenden.

### **Recursos do departamento**

O profesorado poderá axudarse no seu labor pedagóxico de todo o material auxiliar que en cada intre considere oportuno: música, películas, documentais, páxinas web, sempre tendo en conta as limitacións tanto temporais como materiais que sofren as materias.

### **Libros de texto**

*O uso ou non de libros de texto queda a discreción do profesor. Non hai ningún libro de texto establecido de uso obrigado.*

### **Aspectos xerais**

- a) Partir da competencia inicial do alumnado.
- b) Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- c) Potenciar as metodoloxías activas e participativas:
- d) Combinar traballo individual e cooperativo.
- e) Aprendizaxe por proxectos.
- f) Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.
- g) Uso habitual das TIC.
- h) Papel facilitador do profesor/a.

### **Estratexias metodolóxicas**

- a) Memorización comprensiva.
- b) Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, etc.
- c) Elaboración de sínteses.
- d) Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos.
- e) Comentarios de textos, gráficos, mapas...
- f) Resolución de problemas.
- g) Estudo de casos (proxectos).
- h) Simulacións.

### **Exemplo de secuenciación de traballo na aula**

Motivación:

1. Actividade de exploración de ideas e coñecementos previos.
2. Formulación de cuestións que favorezan o conflito cognitivo.
3. Presentación da actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc.

Información do profesor/a:

1. Información básica para todo o alumnado.

2. Información complementaria para reforzo e apoio.
3. Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo persoal:

1. Lectura e comprensión de textos.
2. Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.
3. Resposta a preguntas.
4. Resolución de problemas.
5. Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
6. Elaboración de mapas, gráficas, sínteses ou mapas conceptuais.
7. Memorización comprensiva.

Avaliación:

- ✓ Análise de producións: caderno, mapas, comentarios, etc.
- ✓ Exposicións orais.
- ✓ Probas escritas.
- ✓ Traballos individuais e en grupo.
- ✓ Observación do traballo na aula.

### Actividades tipo

Preséntanse a continuación un conxunto de actividades tipo con entidade propia que se empregarán nas diversas unidades.

- Protocolo: Ao comezo de cada sesión (salvo a primeira de cada Unidade), un alumno/a escollido ó chou deberá facer un resumo de dous-tres minutos sobre o visto na clase anterior. O profesor guiará o resumo se o considera necesario e solicitará axuda doutros alumnos para complementar.
- Creación de rúbricas: a creación en grupos de rúbrica (cada grupo un ítem, respecto a un mesmo elemento a avaliar) permite que o alumnado tome consciencia respecto ao proceso de ensino/aprendizaxe e gaña claridade naquilo que se lle esixe en cada actividade
- Construción colaborativa de esquema: no que o docente vai construíndo un esquema-resumen e preguntando directamente ao alumnado para proseguir
- Lectura filosófica de texto: lese un texto e a docente vai parando e facendo preguntas directas para facer reflexionar e comprobar que non se perde o fío nin a atención.
- Actividades de ampliación: destinadas a complementar as Unidades ou profundar en temas se o tempo distribuído permíteo.
- Comentario de texto. Tal coma se indicou na introdución, no epígrafe dedicado aos contidos transversais, así como no apartado anterior sobre principios metodolóxicos, a capacidade para ler e comentar un texto constitúe un dos elementos esenciais da presente materia. É por iso que será central no desenvolvemento das unidades didácticas, así como servirá de elemento esencial de valoración tanto dos contidos teóricos como das competencias clave. A dita labor dedicárase unha sesión de cada unha das primeiras unidades didácticas, para que, en común, o alumnado repase os pasos esenciais na redacción do comentario (detección das ideas principais, a súa xerarquización, a súa estruturación...).
- O debate guiado para a iniciación do tema ou para a súa consolidación: o debate guiado constitúe unha actividade esencial para a materia porque ofrece a posibilidade de adestrar na expresión oral das propias ideas e consolidar gran parte dos contidos dados. En función do tema para tratar pode empregarse un debate aberto, no que se achegan opinións dun modo intuitivo sobre o

asunto obxecto ou dun debate organizado, o que implicaría dividir a clase en grupos, empregar tempo de preparación e controlar as intervencións.

- En todo caso, a docente ha de velar polo aproveitamento real do debate en dous sentidos. En primeiro lugar, que sirva ou ben como introdutor da información ou consolidación da mesma. En segundo lugar, que durante o seu transcurso non só se respecten as regras do debate intelectual senón que se ha de adicar algunha das sesións iniciais a explicalas e mesmo introducir métodos (algunha palabra ou xesto para deter o debate si se incumpren e penalizacións acordadas).
- Traballo monográfico: O traballo monográfico é un instrumento moi útil para traballar de forma seria e autónoma algún tema, consolidar a información aprendida e ampliála. Pódese levar a cabo en grupo ou individualmente, debendo explicarse previamente as súas partes.

**Nota:** Os traballos en grupo cualificaranse de modo global e para cadún dos seus membros, individualmente, búscase así xerar coimplicación entre os membros do equipo, e que eles mesmos xeren mecanismos para atribuír e esixilo cumprimento correcto das tarefas. Se seguirán estas instrucións:



## ✓ TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

- **CARÁCTER:** en grupos de ao redor de 4 ou 5 alumnos/ as.

- **A REALIZAR:** Cada grupo exporá o seu traballo no trimestre que lle toque (sorteo). Dous grupos por trimestre, como máximo.

- **OBXECTIVO:** Consiste en que o alumnado por si mesmo, amplíe o seu coñecemento nunha **teoría ética**, e que ao mesmo tempo se inicie no procedemento da investigación, buscando información (en calquera medio: prensa, enciclopedias, libros, etc.), selecciónala e organizala. Ademais perséguese que colabore solidariamente co seu grupo nun obxectivo común e que expoña o traballo na clase.

- **FORMA de REALIZALO**

1) **PROXECTO** de traballo: Elaborarase un proxecto, o profesor debe supervisalo.

2) **TRABALLO:** instrucións de realización: Consiste en realizar un labor de investigación dunha teoría ética. É importante relacionalo investigado co noso entorno. Valorarase positivamente o traballo de información, e negativamente a mera copia de enciclopedias, ou calquera outro material, (consiste en que se traballe a información tratada, non que se copie).

3) **PARTES DO TRABALLO:** obrigatoriamente deben incluír:

1- Índice: indicando as partes do traballo

2- Introducción: Explicación de por que se elixiu ese traballo e breve resumo do que se pretende.

3- Desenvolvemento do tema: é o núcleo, dividido nos puntos dos que consta o traballo.

4- Bibliografía: deben dalo conxunto dos libros, xornais, webs, enciclopedias, revistas, ou outro material utilizado para elaboralo traballo. Datos mínimos: -autor; -título; -editorial.

4) **PRESENTACIÓN DE TRABALLOS:**

A extensión dependerá de cada traballo, sendo moi importante a claridade e a cantidade de información achegada, coidando a coherencia e corrección da expresión así como a ortografía. Pode ir acompañado cos materiais que se consideren necesarios.

5) **AVALIACIÓN** dos traballos

- Deberá seguir a rúbrica dada pola profesora. A súa nota será tida en conta coma se dun exame máis se tratase (por iso, os criterios serán os mesmos en canto a copiar, faltas de ortografía, etc.)
- O traballo deberá expoñerse en clase, DURANTE 45 MINUTOS, con posibilidade de utilizar calquera medio audiovisual.
- Valorarase a cantidade e calidade da información tratada nos traballos, así como a dificultade do tema, a cantidade de información tratada, e a coherencia e corrección na súa exposición. (Competencias).
- Se non se indica que parte do traballo foi realizada por cada alumna/o, estimarase que todos participaron por igual e a nota será a mesma para todos.

## 6) DATA DE ENTREGA DE TRABALLOS

- Entregaranse o mesmo día da súa exposición e xusto antes desta.
- Tanto neste traballo de investigación obrigatorio por grupos, como en calquera outro que se leve a cabo nesta materia, deberanse ter en conta os seguintes condicionantes: Se un alumno/a presenta un traballo carente de calquera orde, limpeza, etc., (independentemente do contido do mesmo) poderíasele restar o 20% da nota do devandito traballo.
- Realización de táboas conceptuais e sinopses. Estas táboas permiten obter de forma panorámica un resumo da información relevante e a súa xerarquización. Poden realizarse de forma asistida con programas que lles fagan traballar as TIC.
- Traballo por Proxectos: “Imos pensar unha empresa”, que explicamos como actividade complementaria.

### Actividades complementarias

- Se levará a cabo unha actividade colaborativa: realizarase ao longo do curso un Proxecto, relacionadas coa Unidade Didáctica sobre actividade empresarial, que aglutina diversas competencias e que se saen da realidade da aula e que pola súa entidade propia incluímos neste apartado, xa que se trata da realidade cotiá, a aula, o instituto, o pobo, etc. Eles mesmos realizarán a Rúbrica a seguir.
- Participar na medida do posible, nas Olimpíadas de Filosofía de Galicia.

- Promover a realización do seguinte obradoiro en horario extraescolar: "A HISTORIA DA FILOSOFÍA NO CINE". Intentando ilustrar algúns dos intreos cruciais da historia da filosofía facilitando a comprensión da circunstancia histórica e a empatía cos seus protagonistas, ou simplemente películas relacionadas coas Unidades Didácticas.

Películas a proxectar:

- Platón: El show de Truman, Matrix
- Edad Media: El Nombre de la Rosa, de Jean-Jacques Annaud
- Kant: Los últimos días de Kant, de Philippe Collin.
- Marx: Novecento de Bertolucci.
- Nietzsche: Últimos días de Nietzsche en Turín, de Julio Bresanne.
- Técnica y tecnología: Tiempos Modernos, de Charles Chaplin
- En relación con los temas de ética y política: Diamantes de sangre, El señor de las moscas, El pequeño salvaje, En el nombre del padre, La Ola, Mystic River.....
- Cortos: El orden de las cosas, La guerra, Mi amigo Nietzsche o La isla de las flores

Despois do visionado de cada película (que se poderá realizar no centro, en horario extraescolar, ou por conta de cadún na súa casa, e que estará guiado por unhas orientación ou preguntas previas) haberá un coloquio ou debate sobre os problemas e ideas que aparecen nela.

*As películas anteriores propóñense con carácter voluntario. Tendo en conta as características de cada grupo e a programación de aula correspondente, o profesorado poderá escoller outras alternativas ou non realizar estas actividades.*

## 6. AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

### Fases e criterios de avaliación

É común entender por avaliación ese proceso dinámico, continuo, diferenciado e sistemático, dirixido cara aos cambios de rendemento e as condutas, mediante o cal se verifican os logros adquiridos en función dos obxectivos propostos. Desta definición, o lexislador resalta o carácter continuo e diferenciado do proceso. **Tendo en conta este carácter continuo, podemos estruturala avaliación en tres fases:**

#### 6.1. Avaliación inicial

Para determinalos coñecementos previos do alumnado, así como as súas actitudes, capacidades e nivel de motivación cara á materia. Aínda que non é doado realizar sempre unha precisa avaliación dos coñecementos previos relativos ás materias adscritas a este departamento, si podemos realizar unha aproximación a nivel xeral.

Porén, dado que as materias e niveis que acolle o departamento de Filosofía abranguen unha gran variedade de situacións curriculares, tendo en conta ademais que algunhas das materias se desenvolverán de xeito telemático, teremos en conta as seguintes indicacións:

- Nos distintos niveis da materia de **Valores Éticos** non nos preocuparemos tanto dos contidos como dos procedementos e das actitudes.
  - ✓ Información aportada polos compañeiros-as do departamento que impartiron esa materia no curso anterior acerca das competencias, fortalezas e debilidades dos nosos alumnos.
  - ✓ A partir dun Remuíño de Ideas, indicarán cales son as profesións, as persoas, os sentimentos e os valores que consideraron relevantes durante estes meses.
  - ✓ Diálogo acerca de cales foron as actividades que levaron a cabo ao longo destes últimos meses e cales son as súas inxedanzas e preocupacións actuais. Esta acción será máis relevante no caso dos alumnos de 1º da ESO, dado que proceden doutros centros e non temos a información directa coma nos outros cursos.
  - ✓ Redacción dunha carta “a quen quero que me escoite”, onde exprese a experiencia persoal desde que a pandemia chegou á vida de cadaún de nós. Unha carta que pode ser ilustrada e presentada de maneira individual o en parellas. A súa extensión máxima será de dúas páxinas tamaño carta. Tamén pode ser lida nun video ou escrita a man con letra legible e fotografiada. O vídeo non pode superar un minuto de duración.

- **En Filosofía de 1º Bacharelato.**

Ao non ser unha materia obrigatoria do currículo da ESO, non podemos recabar información sobre contidos desta asignatura en cursos anteriores. Polo tanto, a partir da presentación e lectura de distintos textos, procuraremos descubrir as súas capacidades de comprensión e expresión

lingüística, pedíndolles que resuman o texto, que detecten os conceptos clave, que artellen un esquema ou mapa conceptual ilustrando a orde lóxica do texto e, finalmente, que ofrezan unha valoración persoal sobre o tema e a tese do texto.

Para o caso de que algún alumnado puidera ter cursada a materia de Filosofía en 4º ESO, á parte da información recabada aos compañeiros do departamento, presentáremoslles unha serie de cuestións (para seren respondidas de modo oral e/ou escrito) e pedirémoslles que lembren asuntos, temáticas, ideas ou actividades que traballaran no curso anterior.

### ● **En Historia da Filosofía de 2º de Bacharelato.**

Neste caso, á parte da información recabada a través dos membros do departamento, a avaliación inicial -a través dunha batería de preguntas- procurará convertese en repaso dalgunhas cuestións clave pero tamén servirá como marco de referencia para afrontar o desenvolvemento da asignatura a través da revisión de:

- ✓ conceptos clave referidos aos distintos ámbitos da filosofía: epistemoloxía, metafísica, antropoloxía, ética e política;
- ✓ elementos clave desde o punto da evolución histórica da filosofía, recoñecendo épocas e autores significativos.

### ● **En Psicoloxía de 2º de Bacharelato.**

Á parte da información recabada dos outros membros do departamento, buscaremos indagar nas motivacións e intereses que deron lugar a elección desta materia no currículo particular dos alumnos-as matriculados nesta asignatura. A partir de aí abriremos os distintos campos de acción da psicoloxía como ciencia.

Igualmente tentaremos detectar: a) as súas destrezas lingüísticas a través da lectura e análise de textos e, se fose pertinente (dado que no currículo a Filosofía de 1º de Bacharelato), b) os seus coñecementos concretos a través da elaboración dun listado de conceptos que lembren do curso anterior, das súas lecturas ou do seu acervo cultural.

Pódese sinalar que a avaliación inicial é fundamental para que o docente oriente o proceso de ensino; a formativa, para que poida introducir modificacións; e a sumativa para que valore os seus logros finais. Por parte do alumno, a avaliación formativa permítelle reorientar o seu proceso de aprendizaxe, e a final especifica os seus logros.

Polo que se refire aos criterios de avaliación, como xa se comentou anteriormente, o lexislador tivo a ben o especificalos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe de cada bloque da materia, polo que foron adaptados á distribución que aquí se fixo das Unidades Didácticas e distribúense desa maneira.

## **6.2 Procedementos de avaliación continúa**

- A avaliación formativa ou procesual é a que ten lugar ao longo de todo o proceso, unha vez detectado o punto de partida do alumnado.

Por procedementos de avaliación adoitan entenderse as técnicas mediante as cales dita avaliación se leva a cabo. Responden á pregunta “como avaliar?” Os principais que utilizaremos son os seguintes:

- A observación: Un dos recursos máis ricos para a recollida de información: de modo sistemático, máis precisión avaliativa, ou non, máis espontaneidade.
- Análise das producións do alumnado: Fundaméntase na valoración e cualificación dos produtos. Utilizaremos instrumentos formais individuais (Comentarios de texto, de películas, ensaios), colaborativos (traballos en grupo), e instrumentos semiformais (caderno de clase).
- Produción oral a preguntas expostas polo profesor, como os comentados “protocolos”.
- Probas específicas e cuestionarios, exames escritos.
- Autoavaliación e coavaliación. Procedementos nos que se require a opinión do alumnado sobre o seu propio traballo.
- **Criterios de cualificación e instrumentos**

En xeral, nas materias correspondentes a este Departamento realizarase algún tipo de **exposición escrita ou oral** para cada avaliación, na cal se abordarán os aspectos traballados nas clases ben a través de preguntas de desenvolvemento ou concreción teórica (preguntas tipo test) ben a través dun comentario de texto ben a través dalgunha exposición persoal onde o alumnado deberá expresar a súa madurez intelectual nos temas traballados.

Sempre que sexa posible procurárase a realización das mesmas de xeito presencial, realizándose na hora de clase ou -se fose preciso- noutro momento dentro do horario escolar. **Atendendo ás excepcionais circunstancias da COVID**, cabe apuntar tamén que esas exposicións poderán realizarse de modo telemático. Polo tanto, **priorízase a proba presencial e considérase a proba telemática como recurso cando a primeira non fose posible.**

Para a **cualificación desas probas seguirase un criterio global**. Terase en conta non so a mera exposición de contidos senón tamén a precisión e o rigor na exposición, a coherencia e o nivel de profundidade acadado, a orixinalidade e a capacidade crítica -expresións de madurez persoal- valorándose ademais o esforzo por aplicar os coñecementos adquiridos.

En calquera caso os criterios de cualificación virán determinados polos seguintes criterios de avaliación xeral:

- A habilidade na construción de conceptos e o seu uso efectivo nas diferentes actividades.
- Capacidade de análise dos problemas relacionados así como da xustificación dos distintos argumentos e contraargumentos nos debates ou resolución de dilemas.
- Desenvolvemento das capacidades de razoamento, sentimentos e vontade na elaboración da personalidade e a toma de decisións.
- Ser quen de separar e distinguir os ámbitos privado e público para o ámbito das decisións e accións humanas.
- Procurar a integración e coherencia entre os coñecementos teóricos dos valores e a aplicación e uso dos mesmos nas súas accións cotiás no centro de ensino.

Porén, tal como se apunta tanto nos obxectivos como nos principios que guían a metodoloxía didáctica, **a nota da avaliación non só dependerá da cualificación das probas escritas e/ou orais.**

Teranse en conta os aspectos que poidan contribuír a mostrar contidos de tipo procedemental e actitudinal:

- ✓ participación activa na clase;
- ✓ exposicións dalgún aspecto das distintas unidades usando os recursos TIC;
- ✓ disertacións ou breves ensaios filosóficos,
- ✓ comentarios de texto;
- ✓ lectura, resume e comentario dalgún libro relacionado con algún contido curricular.

Neste senso, cabe apuntar que a importancia dos **contidos procedementais** variará segundo o nivel educativo e a materia concreta na que nos centremos. Así:

- ♣ Nos Valores Éticos (de 1º a 3º da ESO) poden representar ata o 100% da cualificación.
- ♣ En 4º da ESO (tanto en Filosofía como en Valores Éticos) poden representar ata o 50% da cualificación.
- ♣ En Filosofía de 1º de Bacharelato poden representar ata o 20% da cualificación.
- ♣ En Historia da Filosofía de 2º de Bacharelato poden representar ata un 10% da cualificación.
- ♣ En Psicoloxía de 2º de Bacharelato poden representar ata un 20% da cualificación.

**En canto aos contidos actitudinais poderán modificar as cualificacións da avaliación do seguinte modo. Poderase valorar a actitude positiva na clase ata un máximo de 1 punto e a negativa ata 1 punto (cando se amose unha actitude diletante) ou mesmo ata 2 puntos (cando se distorsione e entorpeza a marcha normal da clase ao incumprir as normas de convivencia de modo flagrante)**

### **CRITERIOS DE CALIFICACIÓN**

Hay que suprimir en el alumnado la mentalidad de que las “notas” se dan por las pruebas o exámenes, y que se exigen sólo conocimientos, creando la de que toda actividad realizada en clase interviene en la calificación.

**Para un examen tipo**

o Todas las pruebas o exámenes se calificarán de 0 a 10, pudiendo contener decimales la nota de calificación. La nota mínima para aprobar es un 5.

o En todos los trabajos, pruebas, exámenes o ejercicios se calificará en primer lugar, el cumplimiento de los criterios mínimos de evaluación; una vez que estos criterios se hayan cumplido, el profesor calificará el resto de criterios de evaluación, estableciendo la calificación de éstos desde el 5 hasta el 10.

o Cuando los ejercicios, trabajos y pruebas o exámenes contengan faltas de ortografía, de puntuación, de acentuación o estén mal presentados, se bajará la nota final hasta un máximo de 2 puntos. Por cada falta de ortografía se bajará 0,10 puntos, incluidas las faltas de puntuación o acentuación, y por mala presentación se podrá bajar hasta un punto.

o Las pruebas o exámenes en que el alumno copie tendrán una nota de 0 puntos

o En el caso en que se hiciera algún examen o prueba de los trabajos obligatorios de grupo o los libros obligatorios de lectura, sería conjuntamente (libro + trabajo) y tendría el mismo valor en la media de la evaluación que cualquier otro examen. Sus criterios de calificación también serían los mismos.

o Si un alumno falta a un examen, prueba o exposición de un trabajo, la nota será de 0, a no ser que sea por causa de fuerza mayor (fallecimiento de un familiar, por ejemplo) o enfermedad (traerá justificante médico), en estos casos se le permitirá realizarlo en la fecha que diga la profesora.

**Para cada evaluación**

o Todas las pruebas o exámenes se calificarán de 0 a 10, pudiendo contener decimales la nota de calificación. La nota mínima para aprobar es un 5.

o La nota de las evaluaciones será la media aritmética de todas las calificaciones de los exámenes o pruebas. La calificación de 3 puntos se considera mínimo imprescindible para poder mediar con los demás exámenes y alcanzar el 5 en la calificación de la evaluación. En caso contrario, se considerará que es necesaria la recuperación de dicha evaluación, independientemente de la nota que se haya obtenido en las otras dos evaluaciones.

o En todos los trabajos, pruebas, exámenes o ejercicios se calificará en primer lugar, el cumplimiento de los criterios mínimos de evaluación; una vez que estos criterios se hayan cumplido, el profesor calificará el resto de criterios de evaluación, estableciendo la calificación de éstos desde el 5 hasta el 10.

o Cuando los ejercicios, trabajos y pruebas contengan faltas de ortografía, de puntuación, de acentuación o estén mal presentados, se bajará la nota final hasta un máximo de 2 puntos. Por cada falta de ortografía se bajará 0,10 puntos, incluidas las faltas de puntuación o acentuación, y por mala presentación se podrá bajar hasta un punto.

o Los trabajos que se entreguen fuera de plazo serán calificados con 0 puntos.

o Los trabajos presentados que no hagan un tratamiento crítico y reflexivo de la información, o que sean copias de otros trabajos o de internet, serán calificados con 0 puntos.

o Las pruebas o exámenes en que el alumno copie tendrán una nota de 0 puntos

o En el caso en que se hiciera algún examen o prueba de los trabajos obligatorios de grupo o los libros obligatorios de lectura, sería conjuntamente (libro + trabajo) y tendría el mismo valor en la media de la evaluación que cualquier otro examen. Sus criterios de calificación también serían los mismos.

o Se podrá subir mediante positivos (+0,1 cada uno de ellos), según el comportamiento en el aula: atención, valoración de la asignatura, participación, etc. Se podrá llegar a subir la nota hasta 1 punto.

o Se podrá bajar la nota, pudiendo suspender al alumno/a por ello, mediante negativos (-0,1 cada uno de ellos), según el comportamiento en el aula: atención, valoración de la asignatura, causar molestias al profesor o a los demás compañeros, falta de respeto, etc. En los casos en los que el mal comportamiento sea reiterado, se podría llegar a bajar la nota hasta 1 punto.

o Si un alumno falta a un examen, prueba o exposición de un trabajo, la nota será de 0, a no ser que sea por causa de fuerza mayor (fallecimiento de un familiar, por ejemplo) o enfermedad (traerá justificante médico), en estos casos se le permitirá realizarlo en la fecha que diga la profesora.



□ **Para la nota final de curso:** se realizará la media aritmética de las calificaciones iguales o superiores a 5 de cada una de las evaluaciones. Si se suspende una o más evaluaciones con una nota menor a 5, deberá recuperarse cada una de ellas.

□ **Recuperaciones:** Los alumnos que no obtengan una calificación mínima de 5 en una evaluación podrán recuperar dicha evaluación, (en su totalidad: incluyendo trabajos, exposiciones, libro de texto, libro de lectura, apuntes, etc.), realizando una prueba escrita a final de curso, antes de la prueba extraordinaria. La calificación de las recuperaciones se realizará siguiendo los criterios de calificación que se han seguido a lo largo del curso para las evaluaciones, y una vez que se haya conseguido el 5 no se podrá sobrepasar esa nota.

□ Los alumnos que no obtengan una calificación de 5 en todas y cada una de las evaluaciones o sus respectivas recuperaciones, deberán realizar una prueba extraordinaria en Septiembre, de toda la asignatura. Los criterios de calificación de la prueba de Septiembre serán los mismos que durante el curso..

En cada avaliación haberá unha nota, podendo ter decimais.

**En canto as cualificacións**, cabe apuntar que só a partir das 75 décimas, se transforma a nota no número enteiro seguinte. A nota final será a media aritmética das notas das tres avaliacións tendo en conta que o cálculo da media do curso farase coa nota real (coas décimas obtidas) e non coa nota oficial (os números enteiros).

Para a nota final do curso, farase unha media entre as tres avaliacións. Para elo, entre todas deben sumar 15, e en ningunha delas debe estala nota por debaixo de tres. Para promocionar é necesario obter un 5. Se non, farase o **exame extraordinario de toda a materia**.

**Utilizaranse rúbricas como instrumento de avaliación e cualificación, para así cualificar os estándares de maneira proporcional, tentando que os alumnos aprendan a utilizalas, sexan conscientes dos criterios, e os aplíquen ao realízalos seus traballos ou exames. (Adaptadas de <http://supermiletto.blogspot.com.es/>).**

**Por último, a avaliación final ou sumativa realízase ao termo do proceso, para valoralos logros alcanzados polo/a alumno/a no seu conxunto. Plásmase na calificación, e esixe a atribución dunha nota que resumen tódolo proceso de avaliación continua.**

### **6.3 Recuperación da materia**

Aqueles alumnos que suspendan un trimestre terán a posibilidade de recuperalo no comezo do trimestre seguinte ou en maio, segundo decida a profesora. No caso de que se suspenda a recuperación haberá de presentarse ó exame final de xuño de tódala materia. Tamén será posible presentarse a dito exame para subila nota media final do curso. Para os alumnos que se presenten á recuperación ou ó exame final, a nota de dita proba segue contabilizando un 80% do total, e consérvase a nota recibida nos outros apartados.

O **sistema de recuperación** de cada avaliación suspensa ó longo do curso constará dunha exposición oral ou escrita de semellantes características e contidos que os apuntados para as probas ordinarias. A nota da recuperación virá determinada polos mesmos principios arriba apuntados.

Se non se supera a materia en xuño hai a posibilidade de recuperala no exame extraordinario, nos exames previstos pola lei. En función das actividades realizadas e do seguimento da materia durante o curso, a docente acordará co alumnado un plan de actividades (parecidas ás realizadas todo o ano) e que serán entregadas na data do exame, de tal modo co porcentaxe do exame só conte un 80% do total. Este traballo será optativo, en caso de non entregar dito traballo, o exame valerá o 100%.

#### REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN

Para o alumnado que teña dificultades no seguimento da materia o profesorado facilitaralle material complementario, asesoramento e mecanismos para solventar as súas dúbidas.

#### **6.4 Procedemento para a avaliación extraordinaria.**

A avaliación extraordinaria constará dunha proba escrita de semellantes características as cuestións teóricas, comentarios de texto ou traballos ordinarios desenvolto durante o curso. A nota da proba virá determinada polos mesmos principios arriba apuntados.

## **6.5 Plan de recuperación de pendentes.**

Na medida en que se trata dunha materia de nova incorporación non se dará o presente ano o caso de alumnos que teñan a materia pendente.

Sen embargo, cabe apuntar que dentro do plan de recuperación dos alumnos con materias pendentes de cursos anteriores, establécese como criterio o seguimento continuado a través de distintos cuestionarios e outras actividades que cumprirán as indicacións arriba expostas.

Cada mes recibiríanse as actividades dos alumnos-as, establecéndose os obxectivos para o seguinte período (mensual), avaliándose o traballo e repartíndose as novas actividades.

Se con esta dinámica non se acadase a consecución dos obxectivos establecidos, habería unha proba escrita a finais do mes de maio (para a convocatoria ordinaria de xuño) ou a extraordinaria 2021, seguindo o calendario establecido desde a CCP.

Porén, en **Valores Éticos** cabe a posibilidade de que o alumno-a aprrobe a materia pendente se aproba a materia do nivel que cursa na actualidade, sempre e cando o profesor-a estime que o alumno-a cumpre de modo incuestionable cos contidos procedementais e actitudinais esixidos.

### **RESUMINDO:**

- ✓ Habará unha recuperación para cada avaliación suspensa ou para subir nota (neste último caso sempre se porá a nota desta recuperación).
- ✓ Un alumno/a que, chegado xuño, teña unha avaliación suspensa cun 3 ou máis, pode aprobar directamente na avaliación final (xuño) sempre que a media das tres avaliacións supere os 5 puntos.
- ✓ Un alumno/a que, chegado xuño, teña algunha avaliación con menos dun 3, deberá recuperar esa avaliación (para iso disporá das convocatorias de xuño e a extraordinaria).
- ✓ Un alumno/a que, chegada a convocatoria ordinaria de xuño, non obteña o aprobado, deberá facer a recuperación de todo o curso na convocatoria extraordinaria.

Por último, faise constar que copiar na proba de control escrita ou en calquera dos outros traballos é motivo de suspenso inmediato na avaliación. Igualmente cabe indicar que **se o profesor ou profesora da materia tivese dúbidas razoables acerca da licitude dos medios empregados por algún alumno ou alumna para obter unha determinada cualificación nun exame poderá esixirlle no prazo dunha semana que se someta a unha defensa oral da materia correspondente na maior brevidade posible, e con tódalas garantías que a normativa prescribe.**

## 6.6. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Como xa se ten indicado, iremos adaptando a nosa programación e o desenvolvemento do proceso ensino-aprendizaxe en función das características, capacidades, habelencias e actitude do alumnado, **especialmente durante este curso 2020-2021**, no que se poden producir distintos escenarios respecto á presencialidade nas aulas. Será por iso imprescindible actuar nun constante proceso de retroalimentación entre a programación, o traballo na aula, os resultados que se vaian conseguindo e, de modo especialmente significativo a situación á que nos obriguen as condicións sanitarias dos grupos de alumnos, do instituto e/ou da contorna.

Os resultados nas diferentes probas e en cada periodo de clase serán esenciais como indicadores da adecuación do proceso de ensino-aprendizaxe. Igualmente, o diálogo permanente cos alumnos-as, co titor de cada aula e cos pais a través do titor, o intercambio de información con outros docentes nas xuntas de avaliación serán instrumentos axeitados para revisar, avaliar e, se fose preciso, modificar a programación non só en función dos resultados académicos senón en función do desenvolvemento integral de todos os alumnos da aula.

Cabe lembrar ademais que unha das tarefas fundamentais das xuntanzas de Departamento será a de facer un seguimento avaliativo da programación. Se os nosos obxectivos non nos permiten acadar os resultados esperados, implicaría a necesaria revisión e modificación da presente programación. En consecuencia, ***a presente programación poderá ser obxecto dalgunha variación, previa conformidade dos membros do Departamento, en beneficio do proceso de ensino-aprendizaxe.***

Neste sentido, a reflexión docente e a autoavaliación do desenvolvemento das programacións didácticas levarase a cabo ao finalizar cada avaliación. A tal fin seguiremos a pauta destes dous cuestionarios:

### A. Indicadores de logro do proceso de ensino.

- 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
- 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
- 3.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
- 4.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?
- 5.- Tomouse algunha medida para atender al alumnado con NEAE?
- 6.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
- 7.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
- 8.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?
- 9.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?

### B. Indicadores de logro da práctica docente:

- 1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?
- 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
- 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?
- 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
- 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
- 6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?
- 5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
- 6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe?
- 7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?

- 8.- Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/exames,etc?
- 9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?
- 10.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?
- 11.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?
- 12.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?

## **7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

O tratamento á diversidade debe incidir en atender no posible as circunstancias persoais do alumnado e ó contexto no que se desenvolve a súa educación, así como en ter en conta os intereses e motivacións do alumnado, de acordo a regulamentación recollida no *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*

Polo tanto, coa finalidade de atender no posible ás peculiaridades persoais do alumnado dentro do seu proceso de aprendizaxe, ó longo do curso adoptaranse medidas tendentes a proporcionar certos reforzos pedagóxicos ós alumnos e alumnas que os necesiten, así como a programar aprendizaxes complementarios para aquel alumnado que, polas súas especiais aptitudes, excedan o nivel medio do curso en canto a coñecementos da materia. Como medidas de reforzo á aprendizaxe, propóñense as seguintes:

- Programar actividades, exercicios, lectura e comentario de textos, etc. máis sinxelos para o alumnado con dificultades de aprendizaxe; sobre todo, nos primeiros meses de clase. Desta maneira, intentarase que progresivamente comprendan os principios esenciais para poder introducirse, posteriormente, naqueles temas máis abstractos ou complexos.
- Proporcionarlles axuda directa naquelas actividades que se realicen na aula, coa finalidade de ir orientando de maneira personalizada o seu proceso de aprendizaxe.
- Incluír dentro do seu plan de traballo actividades sinxelas e adicionais que lles permitan cubrir as lagoas conceptuais que posúan.
- Nos traballos en grupo, organizar estes de tal maneira que este alumnado se atope distribuído en diferentes grupos, co fin de poder ser axudados polos compañeiros con mellor rendemento académico na realización das tarefas.
- Se existise alumnado de altas capacidades ou cun maior nivel de coñecementos, programaríanse medidas pedagóxicas complementarias:
  - a) lecturas dirixidas de libros ou textos de maior dificultade conceptual; e
  - b) actividades complementarias sobre aqueles temas que máis lles interesasen.

### **Adaptacións curriculares**

Fanse con aqueles alumnos que necesitan unha modificación do currículo. Estas modificacións poden acadar distintas formas segundo a grao de dificultade do alumno, convén diferenciar entre unha adaptación non significativa, ou reforzo educativo, que responde a unha dificultade transitoria, e adaptacións significativas, que son aquelas que modifican o currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación).

### **Atención ao alumnado estranxeiro**

A sección segunda do capítulo VII da LOCE adícase aos alumnos estranxeiros, aos cales se lle debe facilitar a súa integración no sistema educativo, alén de propor programas para os que descoñezan a lingua e cultura española.

A orde do 20 de febreiro de 2004 sinala que a chegada de poboación de orixe estranxeiro, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias está a incidir na diversidade da nosa poboación, fai que prestemos especial atención ás necesidades educativas, sobre todo no referente ás linguas oficiais da nosa comunidade.

Os alumnos estranxeiros terán os mesmos deberes dereitos que os alumnos españois, polo que a súa integración no sistema educativo supón a aceptación das normas establecidas con carácter xeral e das normas de convivencia.

### **Atención aos alumnos con altas capacidades**

Un alumno superdotado ten un coeficiente intelectual superior á media, é creativo e non precisa motivación. As medidas que podemos adoptar son:

Un reforzo educativo: Pódense proporcionar recursos, materiais e actividades complementarias ou outro elemento non prescrito no currículo que o alumno necesite.

Cabe a posibilidade de levar a cabo unha adaptación curricular con máis obxectivos, máis contidos e modificando os criterios de avaliación, Neste caso temos que pedir a oportuna autorización.

### **Alumnos con necesidades educativas significativas**

Cando as dificultades son xerais e permanentes levaranse a cabo adaptacións curriculares significativas en colaboración co departamento de orientación do I.E.S. De cada unha delas quedará constancia no departamento. Enténdese por estas as que consisten na eliminación de contidos esenciais ou obxectivos xerais e a conseguinte modificación dos respectivos criterios de avaliación.

Cando o Departamento de Orientación teña diagnosticados os alumnos con necesidades educativas especiais, o profesor respectivo establecerá as Adaptacións Curriculares máis adecuadas ás súas peculiaridades e características.

Existe un modelo para as adaptacións curriculares que o profesor adaptará a cada alumno en concreto. En devandito modelo estableceranse para cada alumno dun xeito xeral:

- Os antecedentes sociais, persoais e académicos do alumno.
- Os recursos persoais e materiais con que se conta.
- Os obxectivos a conseguir.
- Os contidos exixibles.
- A metodoloxía que se vai a empregar.
- As posibles adaptacións das actividades de aula.
- Os criterios de avaliación e criterios de cualificación que se van a aplicar.

## **8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Como actividades complementarias propoñemos a asistencia a conferencias, representacións teatrais ou proxeccións, tanto programadas dende o centro como as que teñen lugar na cidade e teñan que ver co currículo do curso.

Como actividades extraescolares, proporase unha visita a Atapuerca (Burgos) ó remate do 2º Trimestre en 1º de Bacharelato, se a situación COVID o permite.



## 9. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Nas materias adscritas a este Departamento, algúns contidos da materia xa por si afondan e desenvolven estes elementos. En eidos coma o **respecto á diversidade e a igualdade** é especialmente patente. Aquí abórdanse coma contidos elementos transversais que deberían tratarse en todas as demais materias, fomentárase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da **prevención e resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a **prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia**, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

***Evítanse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.***

Tamén se fomentarán as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Elementos transversais tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, a actitude emprendedora, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

## 10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS PROXECTOS DO CENTRO.

### 10.1. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

Nos programas de todas as asignaturas asumidas polo Departamento existen indicacións metodolóxicas en referencia á lectura e á comprensión lectora. Son aspectos estes obviamente avaliados e avaliados.

En todo caso, nas aulas diariamente lense textos en voz alta. Non só se len, senón que se comentan para buscar a súa mellor comprensión. Os textos refírense tanto aos contidos específicos das distintas unidades da materia como a fragmentos de obras filosóficas, textos de opinión en xornais, noticias,...

**A lectura diaria**, tanto a persoal coma a que se realiza en voz alta, atenta e minuciosa dos textos que traballamos cada día en clase relata sempre problemas de comprensión que impiden de modo obvio chegar ós conceptos filosóficos máis profundos se non se posúen habilidades básicas para comprender e interpretar a información coa que se traballa.

En todas as asignaturas do departamento traballar a comprensión é esencial; polo que sempre hai un tempo adicado á **lectura detallada e comprensiva de textos**, tanto explicando o significado das palabras, coma analizando a estrutura, subliñando o relevante de cada apartado, sinalado as ideas principais a través dos exercicios para favorecer a comprensión lectora.

Isto é máis que obvio no Obradoiro de Comunicación Oral e Escrita, pero toda a clase de Filosofía de primeiro de Bacharelato pode comprenderse coma un exercicio profundo de decodificación de información para poder atopar os ladrillos cos que erguer os alicerces do muro do pensamento persoal de modo rigoroso e coherente. O mesmo pode dicirse na Historia da Filosofía de 2º de Bacharelato.

Co propósito de garantir a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios, os membros deste Departamento facemos constar o **noso interese polo Plan Lector do Centro** e queremos contribuír ao seu éxito.

Nas Memorias dos pasados cursos, quixemos deixar constancia do proceso de reorganización do material bibliográfico do departamento, primando, en primeiro lugar a incorporación das novas edicións dos textos dos autores clásicos e, en segundo lugar, –coordinándonos co servizo de biblioteca do centro- **a adquisición de material bibliográfico** accesible ás capacidades e –na medida do posible- aos intereses do alumnado.

Deixamos xa comentado que, se ben os fondos bibliográficos de filosofía son realmente eloxiados –polo seu volume, antigüidade e calidade intelectual- a cantidade de obras axeitadas para a súa lectura por parte dos alumnos resultaba insignificante, case testemuñal. A raíz desta observación e en coordinación co persoal da Biblioteca do Centro, solicitamos a compra de material bibliográfico máis axeitado para os alumnos e comezamos a premiar aos alumnos que presentasen resúmenes das lecturas dalgún dos libros chegados á biblioteca ou doutra procedencia.

Para este curso 2020-2021, temos previsto aumentar ese caudal bibliográfico cunha lista de libros de lectura para solicitar á biblioteca, especialmente en referencia aos contidos de *Psicoloxía e de*

*Filosofía*. En concreto, queremos centrar os nosos esforzos no éxito das actividades do Club de Letras, que ten como tema o coidado.

No arranque de curso tamén se lles ofrecen aos alumnos-as **listados de libros de lectura** e a medida que avance o curso se lle seguirán dando indicacións dalgúns outros, que polas súas características podan ser de interese para a súa formación filosófica e cidadá. A lectura, resume e comentaio de libros de temática filosófica (novela, teatro ou ensaio) son en moitos casos actividades que son valoradas positivamente na avlaiación dos alumnos-as.

## 10.2. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN T.I.C.

Ao longo deste curso 2020-21 buscaremos afondar no uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación, a través da posta en práctica dos procedementos seguintes:

- **Extensión do uso das novas tecnoloxías na aula presencial.** Tal como se vén realizando desde o curso 2009-2010, non só se ofrecerán libros ou manuais de consulta aos alumnos para que podan ampliar os seus coñecementos, senón que tamén incorporamos nalgunhas das exposicións do currículo:
  - **Presentacións en power-point** realizadas ex professo.
  - **Enlaces a páxinas web de referencia filosófica.** Neste senso, á parte de entrar en wikipedia para calquera concepto ou autor; tamén son de notable interese, entre outras, as seguintes:
    - [www.cibernous.com](http://www.cibernous.com) (proxecto educativo premiado polo MEC).
    - [www.webdianoia.com](http://www.webdianoia.com) (biografías, obras, pensamento, textos, exercicios).
    - [www.lacavernadepiaton.com](http://www.lacavernadepiaton.com) (lugar de encontro en filosofía).
    - <http://serbal.pntic.mec.es> (Revista de filosofía del MEC, A parte Rei).
    - <http://www.asociaciondoutorcastro.org/> (portal galego de filosofía).
    - <http://www.filosofia.org/> (portal de filosofía da Fundación Gustavo Bueno).
  - **Canais de Youtube.** Un elemento fundamental para a educación actual, é sen dúbida o emprego de recursos audiovisuais. Sen dúbida en Youtube atopamos unha fonte inesgotable de medios que resultan moi atractivos aos nosos alumnos-as, polo seu dinamismo e polo tipo de linguaxe áxil e cercana. Neste senso, caben destacar algúns canais de temática filosófica, que despendendo da temática e grao de dificultade nos contidos presentados podemos usar; a saber:
    - *Unboxing Philosophy.*
    - *La aventura del pensamiento.*
    - *Mentir a la Verdad.*
    - *Educatina.*
    - *Redes.*
    - *Vsauce.*
- **Creación de blogs.** A intención, en primeira instancia, será a creación dalgún blog onde compartir información e ser vehículo e canle do avance e progreso no noso coñecemento. Este curso non poderemos continuar co blogue iniciado xa en marzo de 2010 cos alumnos-as de FiCT <http://www.arquimedesenourense.blogspot.com>; pero procuraremos ofrecer alternativas de uso e aproveitamento dese medio co alumnado de 1º de Bacharelato cando se traten as cuestións curriculares referidas a ese asunto.
- **Traballos presentados en soporte informático.** Se invitará aos alumnos-as que presenten os seus traballos en soporte informático, no que aparezan referencias a páxinas web, se realicen presentacións en power-point, se inserten imaxes, vídeos ou audios da rede. A experiencia de cursos anteriores anima a afondar nestes procedementos.
- **Correo electrónico cos alumnos.** Nalgúns casos nos comunicaremos cos alumnos-as a través da mensaxería da aula virtual ou mesmo a través do correo electrónico persoal.

- **Uso da Aula Virtual.** Todos os contidos que, polas circunstancias sanitarias, non podan ser traballados presencialmente serán expostos na aula virtual. Ademais as actividades referidas a eses contidos serán solicitadas, enviadas, corrixidas, comentadas e avaliadas a través dese procedemento telemático.

## **11. MECANISMOS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN: PLAN DE TRANSICIÓN.**

Como xa era habitual, en toda programación didáctica establecíase un apartado no que se apuntaban os mecanismos de revisión da programación para facer fronte a calquera situación ou circunstancia que impedise o desenvolvemento normal da mesma nos termos presentados ao comezo do curso. Tal circunstancia vivímola no curso pasado dun tan xeito claro e rotundo que provocou a necesidade de realizar no mes de marzo unha serie de severas adaptacións da mesma. Como consecuencia, no curso 2020-2021 e tal como se indica nas **Instrucións do 30 de xullo de 2020**, as programación didácticas incorporarán:

- ✓ un **plan de reforzo e recuperación** no que se terán en conta as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior e que se desenvolverán a través de:
  - axustes curriculares, e
  - medidas metodolóxicas e organizativas.
- ✓ unha **transición posible ao ensino non presencial**, contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

Sen dúbida que estas adaptacións terán que estar coordinadas non só entre os membros do departamento senón que tamén implican a intervención dos equipos docentes. Non será tampouco cuestión que se poda solventar en poucas sesións; porén hai que ter presente que as circunstancias, necesidades e esixencias educativas son moi variables entre a situación dos alumnos-as de 1º ESO e os de 2º de Bacharelato.

En calquera caso, máis alá das indicacións que se podan presentar neste momento inicial do curso, debemos estar expectantes e ao longo do curso, nas reunións de Departamento iremos contrastando as medidas indicadas nesta programación e establecendo, se fose preciso, os cambios precisos que na nosa práctica docente se observen como necesarios.

Dadas as excepcionais circunstancias do pasado curso, cómpre realizar na programación didáctica do presente curso 2020-2021 algunha consideración **sobre o suposto de ensino non presencial**.

Así pois, recollendo as **Instrucións do 30 de xullo de 2020**, ao longo desta programación xa temos realizado algunhas indicacións destacando a importancia, neste sentido, da aula virtual como lugar fundamental para a continuidade do desenvolvemento da acción educativa.

Polo tanto, cabe sinalar que:

- Durante as primeiras semanas do curso, os profesores-as do departamento informarán aos alumnos-as da existencia da aula virtual referida ás asignaturas impartidas.
- No caso de que o ensino deixase de ser presencial, determinarase as tarefas a realizar polo alumnado -preferente aunque non necesariamente de modo exclusivo- a través da **aula virtual do centro**, para garantir a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua. Igualmente, os alumnos-as subirán á aula virtual as tarefas que se lles encomenden. Tamén poderán usarse outros medios de comunicación co alumnado tales como os que se indican no plan de acción TIC, aos que se lle engadirán os recursos que ofrecen plataformas como Cisco Webex para realizar **reunións telemáticas**.
- No caso de que algunha asignatura sexa levada de modo telemático parcialmente haberá un seguimento das actividades curriculares propostas na aula virtual a través dos momentos presenciais. Buscarase que esas actividades desenvolvan e afonden nos aspectos teóricos (que serán transmitidos preferentemente de modo presencial).
- No caso de que algunha asignatura sexa levada de modo telemático na súa totalidade realizarase unha comunicación semanal. **No caso de que existan algún alumno-a non teña un seguimento adecuado das clases, informarase ao titor-**  
**a** **dos** **alumnos-as.**

## **12.PROPOSTAS DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO.**

Aqueles aspectos que consideremos oportunos proceder a modificalos, indicarse na Memoria de remate deste curso 2021-2022. Igualmente proporanse as melloras que se consideren oportunas para o vindeiro curso 2022-2023.